

Os dous de sempre

Os dous de sempre

AFONSO RODRÍGUEZ
CASTELAO



Os dous de sempre Direito autoral © 2013

This book was produced using PressBooks.com, and PDF rendering was done by PrinceXML.

Aos mozos galegos

.....

*Eu quero adicarvos esta miña primeira novela.
Fíxena para derramar o tempo que me sobraba,
máis que para sentir o gozo de crear unha peza
de arte. Prestóume horas de vida feliz e xa me
daría por satisfeito co que me divertín ao
escrebila; pero foi maxinada con tanta ledicia e
composta con tanto amor que algo terá de bó.
Estóu seguro de que non é unha gran obra; pero
é tan humán e tan miña que non podería
oferecervos nada mellor.*

.....

Conteúdos

1. Lembranza da casa e dun pelo da tía Ádega	10
2. Un rapaz que sería quén de manxar a seu pai polas pernas	14
3. Pedriño, o manxador, válese do escrequenado Rañolas para encherse	19
4. O rapaz escrequenado entra, baril, no mundo das miserias	25
5. O degoirado Pedriño, escravo do bandullo, ensúmese na ridiculería	30
6. Pedriño tropeza no latín e fire as ilusións da tía Ádega	36
7. As muchas ilusións da tía Ádega derrúmbanse de novo por unha rapazada de Pedriño	42

8. Rañolas pasóu as fronteiras da Hespaña e comeza a ser home	49
9. O malpocado Rañolas non pode criar callo na concencia	54
10. Rañolas fuxe dos moinantes que o tiñan engaiolado	60
11. Velahí vai unha alma grande metida nun corpo cativo	66
12. Unha proba da tenrura de Rañolas	71
13. Rañolas e máis o afiador ourensán cólanse polos Pirineus	76
14. Cando volvemos a topar a Pedriño econtrámolo endeble, como un prixel	82
15. Pedriño pasóu a ser un animal doméstico de luxo	88
16. A bondade da tía Ádegas topa unha promesa de felicidade	93
17. Pedriño vaise da vila e a tía Ádegas sotérrase na soedade	99
18. Pedriño entra no servizo da Facenda e chámase Pedro	103

19. O manxador queda mangado a unha nova vida	108
20. Xustificación da xenreira que sinte Pedro polo seu xefe	113
21. Rañolas é un home arriscado, dino de ter movemento nas pernas	118
22. Todo París é de Rañolas	124
23. Rañolas lémbrese de que ten unha patria	129
24. Rañolas prepárase para ser feliz na súa terra	134
25. Adeus á vila de Pedriño e Rañolas	139
26. A sogra que lle cadróu en sorte a Pedro	144
27. A vida de Pedro é un inferno frío	149
28. Pedro sinte un pulo pecadento e nin tansiquera ten alma de pecador	155
29. Dispóis de moito tempo xúntanse os dous de sempre	162
30. Rañolas é un xigante para o manxador abraiado	168

31. Rañolas desfaiše das pernas para conquerir aparencias de home	174
32. O desasisado comellón cai na rateira	179
33. Siguen as desventuras de Pedro	184
34. Pedro toma pasaxe para América nun paquete alemán	189
35. Dende a ría de Vigo ás Pampas arxentinas	194
36. Pedro tampouco sirve para comerciante	199
37. Pedro faise pegoreiro e ten menos chencha que o seu cabalo	205
38. Fracasa o emigrante Pedro López	211
39. Pedro volve das Américas como un fol desinflado	215
40. Pedro non atopa folganza para os seus anceios de folgar	220
41. Rañolas aínda vale máis como "profundador" que como reloxeiro	225
42. Rañolas endoudece na calma chicha da relojería	230

43. Doado remate de Pedro López, o manxador	235
44. Rañolas fai voar o mundo en frangullas	241
REMATE	246

1.

**Lembranza
da casa e
dun pelo
da tía
Ádega**



A tía Ádega vive nunha casa pequerrecha, sempre ben encaleada, cunha balconeta de madeira, antre dúas fiestras xemelas, e unha porta de dúas follas. A casa ten fisonomía de moneco, con ollos, nariz e boca, e logo un caparuchete de tellas na cabeza. Cando a tía Ádega cerra unha fiestra, a casa chisca un ollo.

Dentro todo está fregadiño de sábado, co chán estrado de area do mar, ben peneirada. No apousento de recibir loce o sofá de respecto con funda de lenzo crú marcado cunha gran

letra bermella bordada a punto de cruz. Na cociña brila unha chocolateira de cobre, e pola bufarda do vertedeiro óllase sempre o longo pé dunha col que o vento abanea docemente.

O durmidoiro é o «sancta sanctorum» familiar, onde nasceron e morreron os antergos da casa. A vella é a gardadora deste apartamento de nacer e morrer vedado sempre ás olladas profanadoras dos alleos. Alí o mesmo aire ten que entrar a furto. A vella durme no leito en que veu ao mundo: unha cama de buxo retorneado, aburada de silenzos e saudades. A lampariña de aceite asolaga todo nun cheiro morno e misterioso. Esta lámpara, que foi azucareira noutro tempo, sirve agora de vaso sagrado, onde aboia, día e noite, unha luciña, a morrer de tristura polas moscas que veñen suicidarse no aceite.

Veleiquí as lembranzas que conservo da casa; pero da tía Ádega gardo un punxente recordo: Nacéralle no queixo un soio pelo, enribirichado como o rabo dunha o. Este pelo, único, amostraba unha forza de vinte

xuntos, e saíalle para diante, ofensivo como un corno.

Moitas veces o pelo da tía Ádega desaparecía i entón era temíbel, porque sempre lle quedaba, arrentes do queixo, un cañoto cortado en bico de clarinete. Eu lémbrome de que todos os rapaces tiñamos medo aos seus bicos e refugábamos os melindres que nos ofrecía, porque todos os pícaros que a tía Ádega bicaba unha vez quedaban avisados para sempre, e por moito que a vella fixese endexamáis lograba espetar dúas veces, nas fazulas dun mesmo neno, aquel terríbel alferrón que Deus lle plantara no queixo.

Non gardo máis lembranzas do seu físico; mais, en troques, teño na memoria un balume de lembranzas da súa bondade.

**2. Un
rapaz que
sería
quén de
manxar a
seu pai
polas
pernas**



A tía Ádega, chea de alifaces, non reparaba en sacalo da boca para mandarllo aos meniños de Farruco: un sobriño casado fora da vila.

A probe vella mantíñase de peixes pequenos, dos peixes que mercan as señoras gordas para botarllos ao gato, e todo por aforrar para os fillos de Farruco.

En días sinalados a tía Ádega mandáballe aos sobriños un caixón cheo de cousas de comer, e quedábase cavilando no contentamento dos rapaces. A caixa sempre contiña lambetadas de mérito: chourizos, anacos de pernil, roscas de ovo, cachos de tarta, melindres, zucre...

Farruco ben merescía as axudas da tía Ádega, porque vivía feito un azacán; el, que fora o mozo máis enfunchado da vila, por quén toleaban as mozas de máis porqué!

Casárase Farruco e axiña comenzaran a choverlle nenos do ceo. O mozo, denantes algareiro e parrandista, trocárase nun limón estruchado polo traballo e as cavilacións. Os nenos eran fazuleiros e bonitos, como anxelotiños de retablo barroco; pero compría moito pan para tantos peteiros abertos.

A rolada dos nenos de Farruco enchía de rechouchíos o abrente do día, e o probe pai tiña que erguerse co corpo magoado polo traballo da véspera. Os rapaces non paraban de piar. Eles comían, comían, e as súas cariñas ledas e bonitas sempre amostraban o degoiro

de comer. O probe Farruco chegou a decatarse de que as andorgas dos nenos endexamáis se fartarían, e adicóuse a traballar sen acougo, resiñado coa súa cativa sorte.

Cando chegaba o caixón da tía Adega, os rapaces bailaban ao seu redor, e non saían da casa antramentras o caixón non se valdeirase nos seus bandulliños. Cando non había ningún rapaz de Farruco na rúa era sinal de que chegara o caixón da tía Ádega.

Eu quero contarvos un sucedido que amosra os degoiros de comida que sempre sentían os rapaces de Farruco. Estaba o probe pai ensumido en cavilacións, pois acababa de recibir un novo meniño, moi repoludo e bonito, certamente, pero que non traía consigo a comida do mañán, e achegóuse a el Pedro, o fillo máis vello, que o despertou das súas cavilacións.

—¿De onde veu o meniño, papai?

E Farruco respondeulle, por decir algo:


—Mandóuno a tía Ádegas no caixón das lambetadas.

E Pedro, dispóis dun anaco de meditación, volvéu a perguntar, cos seus ollos de acibeche, brillantes de ledicia:

—¿E cándoo comemos?

3.

**Pedriño,
o
manxador,
válese do
escrequenado
Rañolas
para
encherse**



Pedriño, o fillo máis vello de Farruco, veu vivir coa tía Ádegá. El era manso, doce, alabeeiro; pero tamén lacazán, pousafoles, e máis que nada comellón e lambeteiro.

Endexamáis podía ver comer sen pedir parte, e moitas veces daba noxo de velo tan debecido sempre, tan famento, inda que tivese o fol estoupado de comida.

Cando algún compañeiro comía unha mazán, Pedriño achegábase a el, paseniñamente, e decíalle con verdadeira homildade:

—¡Non tires o carozo, eh!

Dispóis Pedriño enfiaba os ollos de boi de Belén na gorxa do compañeiro, co degoiro dun mendicante que olla unha comida de casamento, e decíalle moi untuoso:

—¡Ben me podías deixar parte!

Sabía o gran broeiro que a comida non presta se un famento nos está contando as enviadas, e de cada bocado que recibía a mazán Pedriño alarmábase:

—¡Qué chantada lle meteches! Se lle das outra nin chisco queda dela!

Pedriño non deixaba de ollo ao rapaz da mazán deica sacarlle da boca pola persuasión.

O mellor que se podía inventar para comer con acougo unha mazán, estando diante Pedriño, era darlle outra a el, guindándolla de lonxe. E compría manxar ben ás carreiras, porque senón aínda viña o larchán en demanda do carozo.

O seu amigo máis achegado era o Rañolas: un rapaz eivadiño das pernas, que andaba en crequenás, por ter os remos engoumados. As pernas do Rañolas estaban tan encartadas que para andar de presa tiña que axudarse das mans, camiñando a catro pes.

A tía Ádega sempre lle berraba ao sobriño:

—Eu non sei qué gato andades a esfolar, tí e máis o xuncras de Rañolas. ¿Non haberá na vila un rapaz do teu igoal? Que o Noso-Señor me perdoe; pero dame noxo verte sempre con ese eivado!

Pedriño calaba, baixando as orellas; mais axiña volvía polo seu amigo Rañolas, tratando de meterllo polos ollos á vella, con verbas acuguladas de sentimento.

Con todo a tía Ádega non gustaba do Rañolas, aínda que lle tivese mágoa, pois o malpocado rapaz proviña dunha caste ruín. A súa nai, enlordada de pes a cabeza, non tiña un penisco por onde o demo poidese collela. Era ladra, borracha e candonga. O seu pai... nin a mesma

nai podería decir quén fora. Agás da súa cepa e da súa facha, Rañolas era moi agudo, moi entendido e moi bó, según decía Pedriño, e a tía Ádega remataba calando e consentindo naquela amizade.

Na bocanoite dos días de vrán Pedriño e máis Rañolas sentábanse a falar na porta da tía Ádega.

—Pois eu —decía o comellón— se fose moi rico, moi rico, comería tres tartas diarias.

—Pois eu —decía o eivado— se fose moi rico, moi rico, andaría sempre dacabalo dun cabalo branco.

Os dous amigos, sentados a plan, comían as peras e mazáns que Rañolas sacaba da chombra, darrentes do coiro. Pedriño pagáballe con leicións de silabario.


—Mañán podes ir aos pexegos do Segredario.

—¡Tí moito falas; pero ten un can que!...
¡Eu iría ás mazáns do cura; pero aos pexegos do Segredario!...

—Pois se non trás pexegos xa non ando máis contigo.

E o probe Rañolas aparecía ao seguinte serán coa chambra inflada de pexegos.

**4. O
rapaz
escrequenado
entra,
baril, no
mundo
das
miserias**



Rañolas era de certo un rapaz intelixente, con moitos anceios de saber. As contas que botaba non marraban, nin os seus ditos tiñan volta. Como dín alí, contáballe os pelos a un can e sabía o que esqueceu o demo.

Pouquiño a pouco o malpocado rapaz foi dependendo o silabario que Pedriño lle ía ensinando a forza de peras, mazáns e pexegos;

mais chegou un día en que a nai do Rañolas quixo que o seu fillo probase mundo e botóuno aos camiños, na compañía duns moinantes que vivían amostrando as súas lacras nas romerías. E o eivado desapareceu da vila.

Nos primeiros tempos Rañolas choraba; pero con dúas ou tres malleiras que lle zorregou o amo xa deprendera dabondo e non precisou de máis consellos contundentes.

A poeira dos camiños e o sol do vrán fórono demudando, e ao pouco tempo Rañolas cheiraba ao burruallo i era un moinante máis.

Cos ollos adoecidos pola poeira e co coiro queimado polo sol, sempre a berrar nos camiños de romería, Rañolas pasou catro meses e deprendeu máis cousas que deprendería o seu amigo Pedriño en vinte anos de escola.

Nos primeiros días do outono camiñaba Rañolas dacabalo dun burro barbudo, pola estrada da vila, en dereitura da chouza da súa

nai. O día era borrallento e morriñoso; as galiñas xuntábanse nas portas pechadas, e os terróns dos campos regañaban de sede. Os montes ardían e o ceo enchíase de farrapos desfiañados. Unhas araxiñas de vento quente batían na testa de Rañolas, e o probe rapaz nun día tan tristeiro levaba o corazón acugulado de contentamento: porque xa era dono dun burro, xa sabía vivir de seu e volvía ao fogar.

Unha vella reparou en Rañolas e ao coñecelo enchéronse os ollos de bágoas.

—¿Ónde vas, meu picariño?

—¿Ónde hei de ir? ¡Á casa da miña nai!

—¡Ai, meu probiño Rañolas! Mira: non vaias ¿non? ¡Non vaias!, que xa non tes casa. A túa nai, Deus a teña na man, morréu ¿sabes, meu meniño?

Rañolas quedouse abraiado, sen dar creto ás verbas da vella, enfiando os ollos no campanario da eirexa.

O burro siguéu filosofando, sen variar o tema en que viña prendido, alleo á desgracia do amo.

A vella, doída do rapaz, ofrecíalle unha cunca de caldo, un anaco de pan, unha pinga de viño... Rañolas semellaba unha estatua de barro cocido, coma quen non sinte nin padece.

A vella siguéu agarimando ao probe orfo, contándolle canto sucedera na morte e no enterro da nai.

—¡Lémbrete sempre de rezarlle pola ialma! ¿Sí, meu meniño?

Estas verbas furaron o sentido do rapaz, e ao decatarse de que as bágoas querían saírlle dos ollos reviróu a besta e foise por onde viñera.

Rañolas a chorar e o burro filosofando.

**5. O
degoirado
Pedriño,
escravo
do
bandullo,
ensúmese
na
ridiculería**



Desque Rañolas se foi polo mundo, Pedriño non volvéu ter un amigo en quen mandar, e canto lograba conquistar dos compañeiros era sempre a forza de rebaixarse.

Pedriño tiña medo a todo: non tiraba pedras porque temía escordar un brazo, arrepíaballe a idea de meter o corpo quente na iauga fría do mar, liscábase con pes de lán tan axiña como ventase unha loita de rapaces, tiña medo a morrer encorado co fume do tabaco. De tal

masa que a tía Ádega coidou que o seu sobriño nacera para crego.

Si non fose tan comellón!...; pero aínda con esa chata os mesmos compañeiros coidaban que era un crego pintiparado.

A tía Ádega non durméu moitas noites a botar contas, e de remate determinóu facer crego a Pedriño. Viñeron os libros de Santiago e o rapaz comenzou a rillar latín na pasantía do señor abade.

Con Pedriño no estudo xa non había maneira de que a tía Ádega poidese mandar lambetadas aos fillos de Farruco; mais na súa ilusión de mandar algo inda lles mandaba carozos de millo para que tivesen con qué asar as sardiñas.

A vella sentía mágoa de Pedriño, doíalle velo tan atristurado cando ía camiño da reitoral e ao reparar que tornaba da pasantía coas orellas a ferver, acesas como lume. A tía Ádega ben comprendía que o estudo é traballo

difícil, e máis que nada o latín. ¡Ai, o latín!...

Secomasí Pedriño, con toda a súa bondade, perdía o tempo na pasantía, pois o latín non lle entraba na cachola. A decotío quedábase aparvado sen saber qué contestar, e o crego asaíábase sempre.

—¡Ah, burro manxador, comellón de mazáns!

Cando o señor abade alcuñaba a Pedriño, chamándolle «comellón de mazáns» os compañeiros de pasantía escachaban de risa, porque o denosto proviña dun sucedido tremendamente ridículo.

Foi que unha tarde a criada do crego apañou no chán do pomareiro un mandil de mazáns e botóullas ao porco. Pasou por alí Pedriño, e coidando que ninguén o vía, aproveitouse da ocasión para tomar unha enchente. Pedriño e máis o porco comían nas mazáns, como dous compañeiros, cando saíu dunha fiestra da reitoral a voz grosa do señor abade:

—¡Deixa comer ao porco, lambón!

O latín troucouse nunha gran desgracia para Pedriño, pois desde se metéu coa gramática latina comezou a sentirse burro e rematou por perder o senso de defensa; de maneira que os denostos do señor abade parecíanlle xustos e as bulras dos compañeiros merescidas.

A súa entrada na sancristía foi a primeira caída. Pedriño reparou nunha morea de retrincos de panales que había á veira dunha causela, chea de hóstias que os rapaces acababan de recortar. O probe degarado coidaba que non se comían aqueles sobrantes, e pensando que os rapaces tiraban con eles, botóulles a mán e pouco a pouco foinos papando todos. Nesto chegaron os rapaces, dispostos a repartir os retrincos, por quiñóns, según costume. ¡Aquela sí que foi! Cando viron o sitio valdeiro espetaron os ollos na faciana de Pedriño, que se quedou varado polo medo, sen folgos para defenderse. Os rapaces botáronselle como cáns doentes e o coitado confesou tateando:

—¡Eu comín os retrincos, pero foi porque
penséi que non se comían!

Dun xurdio trompazo que recibeu quedóulle
escalfada nos dentes a derradeira verba, e
deseguida mallaron todos nel coma nun
centeo verde.

6.

**Pedriño
tropeza
no latín e
fire as
ilusións
da tía
Ádega**



Unha vez chegou unha carta para Pedriño, co seu nome no sobre. Foi un regalo que colléu de súpeto ao rapaz, e co gallo de recibir unha carta co seu nome no sobre xa coidou que deixaba de ser ninguén.

A carta viña escrita con letra moi grande, imitando letras de molde: maúsculas e minúsculas, mesturadas a barullo, e as planas tiñan completa semellanza coas laxes dos

sartegos de aldea. Suprimindo as moitas chatas de ortografía, decía eisí:

«Apreciado amigo: Escriboche para que vexas que xa sei algo. O pouco que deprendín de tí valeume de moito, e xa sei ler periódicos, que moito me gusta saber o que se pasa no mundo».

«Saberás que ando a pedir, que é moito traballo, e cheguéi tan lonxe que non podería volver polo meu pe.»

«Téñoche un burro mansiño que me quer coma se fose un can, e tamén saberás que teño aforrados catro pesos.»

«Onte soñei que tí andabas en bicicleta. Eu tamén quixera andar en bicicleta, para correr polos camiños.»

«Que me perdoes, e tamén túa tía, por estas letras tan mal formadas; pero en canto chegue a home xa non seréi mendicante. E sen máis novedás recibe moitas memorias do teu amigo.—'Rañolas'.»

A tía Ádega, lendo a carta, foi collida pola emoción. Ela cavilaba que moitos santos dos altares refugaron amistades de ricos por andar na compañía dos probes de pedir, e doíase de terlle berrado a Pedriño por velo sempre de par dun escrequenado, dun mendicante. Ai, a boa muller ollaba a Pedriño e xa lle parecía un santo!...

O rosario que rezaba a vella e máis o sobriño, medróu aquela noite cunha nova oración. Agora non somentes pregaban polos camiñantes, polos mareantes e polos que están a morrer, senón que tamén pedían por Rañolas.

Pedriño gardou a carta do seu amigo e con ela no peto marchou ao seguinte día camiño da reitoral. Ía pensativo, cos libros no cartafol, remoendo unha códia de pan de millo.

O cura recebeuno de punta. Seique lle avisaran a visita do señor Bispo i estaba encornado.

—¿A qué ves tí á pasantía? ¿Coidas que con vir á reitoral todas as tardes xa se che vai meter o latín no cabazo?

Pedriño ficou varado ao sentir aquel arrouto, e cando o cura lle preguntou a leición quedouse parvo, coma se o diaño lle limpase da memoria as poucas verbas que adeprendera.

O señor abade facía chatolas cos dentes.

—Aínda que comeses a gramática de Miguel, con pastas e todo, non che valería; e coidado que mellor a meterías no bandullo que na cabeza!... ¡Non, non e non! Podes decirlle á túa tía Ádega que non te mande máis á pasantía.

E naquel punto mandou que se liscasen todos.

—¡Ídevos, que hoxe non estou para aturar gandulos!

Pedriño chegou á casa cos ollos asolagados, e a tía botouse ao sobriño, toda alporizada.

—¡Dime quen che pegou, meu meniño!

E o rapaz rompéu a chorar ás cuncas.

—Non foi ninguén —decía—. Foi o señor abade que me botou da pasantía. ¡Botóume por nada! ¡Porque dí que non sirvo, que son un burro! E díxome que non volva pola reitoral.

Pedriño encoraba, e as verbas saíanlle rompidas, molladas do planto. A tía Ádega, ferida, sen sangue no corpo, coas ilusións abatidas, apreixaba ao sobriño contra o seu peito.

Aquela noite a tía Ádega falou co señor abade e deprendéu que para chegar a crego compre saber moitísimo, moito máis que para chegar a santo. E a probe vella animaba ao sobriño na hora da cea.

—¡Come! ¡Come canto che pete, Pedriño! Bótalle máis pan ao caldo. ¿Queres outra cunca? Non enfermes ¿non?, ¡meu corazón!

E aquela noite Pedriño, coa faciana moi atristurada, fartóuse de cear.

**7. As
murchas
ilusións
da tía
Ádega
derrúmbanse
de novo
por unha
rapazada**

As murchas ilusións da tía Ádega derrúmbanse de novo
por unha rapazada de Pedriño 43

de
Pedriño



O cacique da vila chamábase don Andrés, e non era político por ideas senón por encher de diñeiro as gabetas. Por fora asemellábase aos cambistas da vella pintura flamenga, e por dentro tamén. A súa casa era unha tenda de diñeiro para vender pesos a sete pesetas, e cando se achegaba unha vítima collíanlle os

beizos un aquel de ledicia, coma se lle rañasen os proídos do lombo; pero na faciana endexamáis se lle pousóu a risa limpa dos homes de ben. Era moi ruín o camanduleiro, e tiña tanta xente collida nos seus papeles que ademáis de noxo daba medo.

Don Andrés non tiña máis vicios que o de xogar á lotería, e sempre mandaba un realíño de participación ao Asilo de probes. Os probes teñen moito valimento no Ceo e ¡quén sabe!, porque lle tocase aos probes podíalle tocar a el; unha vez tocóulle, e a súa riqueza medróu moito. Pero canto máis rico máis ruín.

Don Andrés e a tía Ádega andiveran ensarillados en amores románticos, alá nos tempos idos da mocidade, e cando chegaron a vellos esqueceron rencores e tirrias e fixeron as paces, cunha amizade saudosa e leal por parte dela. Un día a tía Ádega pideulle un favor a don Andrés.

—Non sabes canto estimaría que meteses de escribente ao meu sobriño no Axuntamento.

O probe rapaz cansouse dos libros e anda aboiado pola vila adiante.

—Por tratarse dun sobriño teu... ¡Ave María!; pero atende un consello: Era mellor que o fixeses xastre, poño por caso. O teu sobriño non facerá carreira no Axuntamento. ¿ Tí entendes? Poderá saber moito, poderá servir para Bispo; pero non ten pinta de agudo para facerse home escribindo papeles no Axuntamento.

—Contando coa túa axuda... O rapaz é como o pan, ¿sabes? Moi bó, moi ben guiado.

—Ben. Alá tí. Manda mañán a Pedriño ao Axuntamento para que se impoña pouco a pouco nos traballos, e dispóis xa veremos.

—Pois que Deus cho pague, home.

Pedriño trubóuse cando soupo que ía entrar de meritorio no Axuntamento, porque xa se afixera á vida de folganza. E logo nos seus adentros sentía un medo xordo por entrar no trato de xentes superiores, onde poñerían

encoira a súa iñorancia e lle afearían a súa perguiza.

Nas oficiñas municipais fartóuse de destragar papel de barba. O Segretario xa non sabía qué darlle a facer, e Pedriño pasaba o tempo cos ollos chantados na esfera do reló de péndulo, agardando a hora de xantar.

Escrebía oficios pequeniños, onde os erros fosen imposibles, e poñía sobres; tamén se ocupaba en ordear os Boletíns oficiais i en ir mercarlle tabaco ao Segretario.

Pedriño non era home de vountade. Certo día topóuse cun paquete de obleas e non foi quen de deixalo sen encetar; aínda relembrando aquela malleira da sancristía, comezou a petiscar as veiras do paquete e rematou papando as obleas todas, sen deixar migalla. Nas oficiñas municipais non atopou cousa mellor en que pousar os seus ollos degarados, pois os ollos de Pedriño non estaban máis que ao servizo do ventre, e mal podían intresarlle o papel que non se come e a tinta que non se

bebe. Na casa consistorial somentes ollóu con simpatía aquel paquete.

De alí a pouco don Andrés chamóu pola tía Ádega para darlle queixas.


—¿Tí non sabes? O teu sobriño papóu un paquete de obleas, enteiriño. Cousas de rapaces; mais o material custa diñeiro e compre que entregues dous réas ao Segretario. O paquete de obleas non valía menos, ¿sabes? Eu síntocho moito, pero...

A tía Ádega, nun lampo de desengano, ollóu toda a miseria da vida e sintéu cobiza da mesma morte.

Pedriño non volvéu máis ao Axuntamento.

8.

**Rañolas
pasóu as
fronteiras
da
Hespaña
e comeza
a ser
home**



En canto Pedriño anda aboiado polas rúas, como un papaleisón, Rañolas defende a súa vida e gaña o seu pan como pode.

Neste intre atópase en Lourdes, vendendo velas de cera aos pelengríns. De sol a sol aparece axoenllado na entrada da ponte, e non se sabe se vende, se pide ou se prega.

—¡Levaime unha veliña de cinco francos para que cinco anxos vos acompañen na hora da morte!

Ningunha das mulleres enloitadas que venden velas en Lourdes, pode competir coa donosía de Rañolas para enchouchar siereiros. O escrequenado depredou moitas cousas no longo camiño da miseria, e podería pensarse que herdou o espírito dalgún mendicante galego do meioevo, daqueles falcatrueiros moinantes que con capa de santidad engaiolaban pelengríns no camiño de Compostela.

Rañolas sabe oracións en moitas línguas e vainas aplicando según a pinta dos pelengríns. Axiña que venta un fato de labregos franceses, poño por caso, comeza unha longa ledaíña de éisito seguro:

—«¡Ayez pitié de la faiblesse de notre foi!
¡Ayez pitié de ceux qui pleurent!»...

E os labregos franceses van mercando as velas de Rañolas, atraídos polo seu verbo piedoso.

Rañolas vende por conta dun negociante, baratilleiro establecido no «Boulevard de la Grotte», e por moito que venda non pode

aforrar dabondo para fuxir das gadoupas do amo, que lle zuga o mellor proveito do seu traballo. ¡Ai, se lograsede comerciar pola súa conta!

O baratilleiro é amo de moitos vendedores ventureiros que traballan para el no tempo das pelerinaxes. Home de poucas necesidás e moita cobiza de riqueza; xunta diñeiro por afán de coleccionar... Ten maneiras e ditos sospeitosos dunha vida luxada.

Na tenda do baratilleiro véndese canto inventou a industria para matar o arte, canto discurréu o comercio para embazar a fe: imaxes da Virxe de Lourdes e de Xoana de Arco, en moitas materias cativas, algunhas con caixa de música que tocan o himno; estampas, postales, caramelos e chicolates da Bernardiña, «Souvenirs» de mil feitura, folletos con miragres, vasiños e garrafas para a iauga miragreira, etc. Todo mesturado con rosarios, medallas, escapularios e cruces. E no centro deste reino da chilindrada érguese a

figura do baratilleiro enfardado nunha levita de difunto...


Cando a vida de Lourdes adormece, a tenda cérrase e o baratilleiro moquea o sono no agarimo da lareira. Entón Rañolas vende periódicos para ir tirando, e polas noites xiadas do inverno durme no faiado do baratilleiro.

Amo e criado téñense certa lei e o probe Rañolas vai mudando de ideas e creencias baixo a dirección espiritual do amo, que é un xudeo burgués, descreído e inmoral.

Eiquí Rañolas comeza a ser home. A lán de pexego con que saíra da súa terra trocouselle nunha barba que pide navalla. E no espírito nasceulle un forte desexo de erguerse do chán, de ser home dereito.

Pero denantes de seguir adiante compre relatar feitos máis punxentes do seu longo viaxe.

**9. O
malpocado
Rañolas
non pode
criar callo
na
concencia**



Dispóis da morte da súa nai, Rañolas douse cuns moinantes de vida enlordada. Era un home e máis unha muller, alcuñados Barrote e Xarda. El fora mineiro e perdera un brazo; ela fora pendanga e perdera o imán.

Na compañía destes moinantes chegou Rañolas ao cumio da picaresca; mais sempre xurdía nos seus feitos un lene arrecendor a bondade nativa. Os valados, por exemplo, tentábano a roubar, empurrado de seguro por un forte

instinto de xusticia igoalitaria, pois non era polo que os valados gardaban senón polo que impedían.

Certa noite de camiño propuxo Barrote que fosen «apañar» unhas galiñas. Arredáronse da estrada e deixaron o burro de Rañolas agachado nunha xesteira.

—Ti gabeas o valado e nada máis.

—¿E o can? ¿E se hai can?

—Pois se hai can... entón entras en coiro como te paréu túa nai. Os cans fuxen en canto ven un home encoiro de todo.

A Xarda tamén animóu a Rañolas.

—Sí, rapaz, sí. Cando os cans ollan un home encoiro pillan medo.

—¿E vostede veuno?

—¡Milleiros de veces, rapaz!

Barrote e máis a compañeira tomaban os ventos de galiña, coma dous raposos.

E cando lles parecêu ben, pararon. Rañolas dispeuse en silencio, dispóis foi gabeando por Barrote arriba, e moi axiña chegou a poñerse ás acarranchapernas do valado. A Xarda guindóulle unha corda para baixar da banda de alá.

—¡Non teñas medo! —siáronlle os moínantes.

E Rañolas deixóuse escorregar pola corda abaixo e deseguida dou pe nunha eira de casa rica.

Naquel punto voaron os ruíns propósitos de Rañolas. El sería quen de abalar un pexegueiro, poño por caso; pero eso de roubar galiñas!... E por non volver de valdeira apañóu un saco de patacas, dicindo para sí, a modo de aviso moral: «As patacas pódelas levar porque nascen da terra, como os pexegos, as peras a as mazáns; pero as galiñas!...». Para Rañolas a terra era de todos, como o sol, a choiva e o vento.

Cando apareceu de novo ás acarranchapernas do valado oubeóu un can, dispóis oubearon dous, dispóis tres e non tardaron en oubear todos os vixiáns da parroquia; coma se oubease, alarmada, a mesma propiedade rural. Rañolas deixou cair o saco de patacas e baixouse do valado.

—¿Ulas as galiñas? —orneóu Barrote, dándolle un couce.

—¿Ulas, lacazán? —rosnou a Xarda, zorregándolle unha labazada.

—Eu non atopéi máis que patacas; abofé que non poden dar co galiñeiro —saloucaba Rañolas.

Os moinantes, sen agardar máis, pillaron camiño, fuxindo coma foguetes. O rapaz, sen lecer para encabar as cirolas, sigueunos de lonxe, a xemer, coa roupa debaixo do brazo, en coiro como unha ánima do purgatorio.

Cando chegou cabo do burro xuróuse a sí mesmo fuxir daqueles moinantes na primeira ocasión.

Os oubeos esviados ecoábanlle na concencia.

10.

**Rañolas
fuxe dos
moinantes
que o
tiñan
engaiolado**



No camiño retorto dunha romería de tres días aparecen a Xarda, Barrote e Rañolas, compoñendo unha familia ben axeitada para trubar o corazón dos romeiros.

Máis abaixo érguese un probe que non sabe pedir, ofrecendo as cuncas das máns ao sol. É un cego que se estrena como mendicante naquela romería. Levárono ao camiño e alí

ficou ergueito e silenzoso, como un fito de carne, sen arte para desempeñar a súa ceifa na veira dos moinantes.

Máis arriba declama punxentes decires unha enloitada, viuda dun afogado imaxinario, con cinco rapaciñas ao seu redor, alugados a xornal. É unha trapisondista que sabe traballar na farsa dos moinantes e desempeñar o seu rol de viuda moza cangada de fillos. Láíase longamente, e a tristura do seu láido ten caídas de fado portugués.

Xa estamos no antre fusco e lusco, e pola calzada montesía que rube ao santuario aínda van e veñen as xentes, e os mendicantes, esbroados e roucos, siguen amostrando as súas laceiras na veira do camiño.

—Eu afógome de reseco —dixo Barrote.

—Tamén eu —respondéu a Xarda.

—Pois eu morro de fame —completou Rañolas.

E os tres, naquel punto, decidiron rematar a xeira, e foron a mollar a gorxa ao pé dunha pipa de viño, en rolda con outros compañeiros.

O dono do tíovivo achegouse aos moinantes e comezou a beber na súa compañía. Era un home marcado de vixigas, de gran simpatía, sempre cun pito mamado nos beizos, chiscando un ollo, coma se lle batese nel o fume do tabaco —xesto de xogador de naipes—. Axiña beberon máis da conta, e o dono do tíovivo sacou o libro das coarenta follas e armou unha timbiña.

Pouco a pouco os cartos de todos foron pasando á bolsa do banqueiro. Barrote, que tiña moito corazón para xogar, perdéu a derradeira cadela, e os seus ollos brilábanlle de carraxe. A Xarda, coa face albeira, sen sangue nos beizos, retorcíase os dedos das mans. Rañolas estaba máis enconicado que nunca.

—¡Compre ter pacencia, meus amantiños!
—dixo a sorrir o ganador—. Si perdéchedes tamén podíades gañar. ¡Veñan dous netos de viño por cabeza, que ben os merecedes!

Os moinantes, calados, remoían a súa ruindade, e a luz de saín tremía de medo.

A Xarda liscouse como unha cobra, e de alí a pouco volvéu ao pé de Barrote. Acababa de roubar ao probe cego que pedía esmola máis abaixo deles; pero Rañolas vixiaba e foi en procura dos civiles...

—Imos probar fortuna, tí e máis eu, os dous man a man —invitou a gandaina de Barrote, ciscando enriba da mesa unha manchada de cans e cadelas. —Vai todo á primeira sota que apareza.

O dono do tíovivo aceptou o desafío e a timba armouse novamente. A sota portouse ben coa Xarda; pero dispóis veu un cabalo treidor e pola derradeira un sete deixouna sen cartos.

A piolleira tráxica non pudo reprimir unha surrisa i entón a Xarda, fora de sí, encarouse coa moza que facía de viuda no camiño.

—¿De qué te rís, tí, porca das ánimas?

A moza, por toda resposta, ergueuse alporizada, e nun lampo de xenio botóulle as gadoupas á Xarda e cobreulle a faciana de regos sanguíñentos. As dúas mulleres ensarilláronse, e non tardaron en amostar os lacóns e os perniles rabuñados, por antre as rachaduras da roupa.

Nesto apareceron os civiles.

Rañolas aproveitou aquel rebumbio para ceibarse dos moinantes, e montado no burro largóuse a rir da súa xogada.

—Namentras andan a voltas coa xusticia teño tempo de percorrer moitas légoas. O mundo é grande e o meu burro bule ben.

**11. Velahí
vai unha
alma
grande
metida
nun
corpo
cativo**



Cando Rañolas fuxía dos moinantes, a maxinación, a ferver, inventáballe iñormas para gañar a vida. ¿Deprendería a tocar un instrumento? ¿Faceríase zapateiro remendón? Axiña trocaba de idea e quería ser criado de cego: mandaría facer un carriño levián, cunha roda dianteira e veo para guiala; o amo empurraría o carro por detrás, i el iría repanchigado dentro. Non; sería mellor que o cego fose collido ao rabo do burro...

Dispóis saíu da realidade e soñou: ¡Ai, si atopase unha ola ben acugulada de onzas recortadas! E pola derradeira, a súa potente maxinación foino levando ao reino das fadas. O día pillóuno en plea felicidade, cavilando na lámpara de Aladino, e ao riscar o sol Rañolas tivo que baixar a terra e pedir un cacho de pan na primeira porta, porque esgarecía de fame.

Pasaron días e por vieiros descoñecidos foise achegando a unha romería de sona, onde tiña mentes de apañar algunhas cadelas. Non tardou en facer xuntanza con outros mendicantes que o colmaron de preguntas; por certo que Rañolas non contestou ben a ningunha. A liberdade en que se atopaba, dáballe humor para mentir, pola ledicia de sentirse dono do día e da noite, soberán de sí mesmo e do burro, cheo de espranzas ledas.

—¿De onde vés, rapaz?

—Veño de San Campio, fuxindo de miña tía.

—E logo qué che pasou?

—A miña tía ¿saben? andaba en pecado mortal cun aserrador portugués e matábame a tundas.

A forza de mentiras deste xeito foron pasando camiños e chegaron á romería, no intre en que os sinos repenicaban a vésperas.

—Eu quédome a pedir eiquí, na pontella —dixo Rañolas.

E alí demorou dous días arreo, xuntando cadelas a forza de petar na concencia dos romeiros. Abofé que a xeira foi un ben de Deus, pois ao rematar a romería Rañolas puxo en prata tres pesos, que gardou ben gardadiños, e con eles, considerouse dono do mundo.

Coméu e durméu ben para tomar pulo, e cando recobrou forzas montou na besta, e preguntando, preguntando, chegou á estrada de Castela. Sigueuna paseniñamente, e dispóis de miudos sucesos que non merecen contarse arribou ás estremas de Galiza.

Diante da cruz de pedra que se ergue nas Portillas, pousóu a ofrenda dun croio de seixo no milladoiro, e sen mágoa de deixar a terra da súa nacemento entrou con aquel de conqueridor en terras alleas.

O mundo era pequeno para os seus anseios.

**12. Unha
proba da
tenrura
de
Rañolas**



Foi nun mercado castelán.

Unha regateira pandorga botóuse a correr como unha tola por antre o xentío. Os touciños non a deixaban bulir a gusto, e

afogábase de cansazo, xemendo e bufando de carraxe. ¿Qué pasaría?

A xente sigueuna, intrigada, e Rañolas, que andaba por alí a pedir, foi detrás dela.

A regateira paróuse diante dunha muller endeble, probemente vestida, e de súpeto botóulle as poutas e sacóulle das mans un cesto que levaba. A muller do cesto, ficou en pé, sen dar azo de sí.

—«¡Suelta ya lo que me has robáo sirvergonzona!».

E a regateira púxose a cachear dentro do cesto, remexendo todo. Dispóis emborcoulle o cesto no chán, que quedóu estrado de cousas baratas: pantrigo, peciñas de roupa, farrapos, retrincos de pano, unha vela de sebo... Os untos da pandorga abaneábanlle de moito mimo.

Decontado se formóu unha rolda de xente: labregos que non saben perdoar un roubo, e

todos eles con máis aire de xueces que de testigos.

A regateira, dispóis de cachear en balde, encaróuse coa muller e zorregóulle unha labazada mortal; impunemente, coma se lle pegase a un santo de pau.

—«¿Dónde tiés lo robáo, guarra? ¡Dameló, sinó te mando prender!».

Entón a probe muller abréu o xustillo e sacóu darrentes do coiro uns zapatiños pequerrechíños.

—«Tome, señora y perdonemé», —marmulóu. E logo tapóuse, a chorar.

¡Ai, o roubado eran uns cativos zapatiños de neno! Algo que nas máns daquela muller endeble, semellaban dous anacos de pan abenzado. Rañolas non tivo tempo de pensalo; mais por unha forza do seu bó natural saíu da rolda de xentes e plantóuse diante da regateira.

—¿Cánto custan eses zapatiños? —perguntóu.

—«Valen seis reales».

—Pois logo déamos, e velahí ten os cartos.

A regateira miróuno de esguello; máis vendo que o diñeiro do rapaz era de lei, gardóuno na faltriqueira i entregóulle os zapatiños.

Ninguén comprendéu aquilo, e a rolda de xente trocouse en circo de cans. En algúns ollos aparecen pintiñas de luz malina.

Rañolas xuntóu as cousas que estaban ciscadas e meteunas no cesto da ladroeira; gardóu no fondo de todo os zapatiños, e dispóis fuxéu por antre as pernas da xente, correndo como unha lebre.

Por certo que ao sair da praza do mercado escoitou a voz amiga dun afiador ourensán.

—Fuxe deseguida, rapaz, se non qués que che quenten a ialma!

E de alí a un instantiño camiñaba Rañolas dacabalo do burro, cantando unha cántiga mariñeira.

13.

**Rañolas
e máis o
afiador
ourensán
cólanse
polos
Pirineus**



Mañán de vento nos arredores dunha vila navarra.

O trasno infla cirolas e camisas penduradas nun aramio; soergue a chaqueta dun home, para husmarlle a cueira do pantalón; follea as faldras dunha vella, coa malicia de descubrirlle o segredo pudoroso das pernas; guíndalle co sombreiro de palla a un señor e bótallo a rolos pola carreteira. Todo para que Rañolas se divirta.

—¿De qué te rís, paisaniño? —dixo unha voz coñecida.

Era o afiador ourensán que camiñaba de par do burro de Rañolas, empurrando a roda de amolar.

—Ríome do vento.

—E logo, ¿seique estás ledos, eh?

Os dous paisáns, a baduar, foron camiñando xuntos, e de alí a pouco xa ficaban trabados pola amizade. O afiador levaba idea de colarse na Francia e Rañolas sintéu cobiza de seguílo.

—Estóuche farto de afiar navallas e compoñer barreñóns.

—Pois eu teño fame de mundo.

Catro días andiveron a rondar a fronteira, atuada de carabineiros que non deixan pasar a ninguén sen documentos... O afiador tiña máis anos que Rañolas e inda era máis agudo; pero non había calote posíbel para os vixiáns da fronteira. E os dous amigos, ao cabo de moito matinar, decidiron seguir camiño en espera de mellor paso e ocasión.

Chegaron ao porto de Canfranc, e por alí atoparon unha boa rendixa para colarse. O afiador guindóu coa roda monte abaixo.

—¡Anda, condanada, que te leven os demos!

Rañolas baixóuse do burro, doulle un bico de despedida no fociño, e díxolle:

—Agarda que eu pase, e dispóis pasas tí, si podes.

Deseguida os dous rapaces, aproveitando a noite, fóronse metendo, metendo, e aínda despóis de pasar a fronteira non daban creto á ventura, nin alento aos seus folgos. Darrastro, coma dúas cobras, seguiron un bó treito de terra francesa, e cando se sintiron a salvo choutaron coma dous cabirtos, espanciron o peito, e diante do porvir que agardaba por eles detrás dos Pirineus ceibaron tal gargallada que enzoufóu a negrume infinida do ceo.

Xa estaban no estranxeiro. Agora somentes compría agardar polo burro, afeito a ventar o amo e a seguilo como un can. Antramentres,

deitaron a sorte de cada ún: o afiador arelaba probar fortuna en París; Rañolas, eivado das pernas, acordou mendicar en Lourdes, agardando tempos mellores.

Xurdéu o día coberto de néboa, e de súpeto velahí aparece o burro, canso, mollado e coxo. ¿Cómo pasaría aqueles cotos? Non se sabe, porque os burros non falan; pero debeunas pasar apuradiñas o probe animal. Rañolas, cheo de ternura, dáalle bicos aeito, e o afiador, ollando aqueles agarimos, sinteu saudades da roda de amolar.

Estes dous catadores de ilusións emprenderon camiño adiante e nunha axeitada encrucillada arredáronse sen door.

—¡Que a Virxe de Lourdes te sande!...

—¡Que o demo do inferno te faga millonario!...

O burro de Rañolas, mancado e tristeiro, aínda siguéu co eivado ao lombo máis de catro légoas; pero no cumio dunha costa paróuse,

a tremer, e deseguida caíu redondo, para non erguerse máis.

O compañeiro de Rañolas morréu cos ollos abertos i embazados.

**14. Cando
volvemos
a topar a
Pedriño
econtrámolo
endeble,
como un
prixel**



Para seguir a historia dos dous de sempre temos de ir e vir. Agora atopámonos a carón de Pedriño, que salvóu da morte por verdadeiro miragre. Máis de dous meses estivo no leito, sen dar azo de sí, a pique de que se lle desvencellase a ialma. O mesmo médico chegou a perder os libros. A tía Ádegá ofreceuno a Santa Comba, i entón Pedriño abriu os ollos e dixo:

—Mi-ña tí-a: dé-a-me au-ga.

A probe vella reloucou de ledicia; mais aínda pasaron días de inqueda. E cando Pedriño saíu do leito parecía un longueirón: chuchado, esgumiado, decrebado, sen cara onde se persinar.

Desque pasou tempo dabondo para que Pedriño volvease ao seu ser, a vella determinou cumprir a promesa feita, con toda solenidade. O rapaz iría vestido de San Xosé, co mesmo hábito con que a tía pensaba adovialo para descer á cova.

A tía Ádegas mercou na tenda os panos e adovios mellores, porque o comerciante, cando a vella regateaba, coutoulle os reparos con esta corda reflexión:

—E se Pedriño morrese, ¿non lle mercaría do mellor?

—Ai, eso sí. ¡Meu meniño!

A costureira tomou medidas, púxose a cortar e coser e todo foi amañado axiña. E na mañán

do primeiro domingo levóuse a cabo a cerimonia.

As campás de «don» e de «den» repenicaron unha muiñeira. Os balcóns e fiestras da veciñanza acuguláronse de xente. Os rapaces da vila rebuliron na rúa. A música preparóuse a tocar unha leda marcha de anxeliños.

Abreuse a porta da casa e saíu primeiro un ataúde branco con guirindolas de frores. Dispóis asomóu Pedriño con hábito verde, ribeteadado de tiras prateadas, e unha capa bermella, ourelada de fitas de ouro; a testa cinguida por unha coroa de «francesiñas» de cera; na man o varal frorecido do Santo. A tía Ádega viña detrás, a chorar, levando unha vela rizada.

¡Qué fachenda sintéu Pedriño! Porque das fiestras e balcóns deitaban alaudos á súa bonitura; os rapaces arregalaban os ollos, envexosos, diante de tal regalía de coores; as xentes da rúa loitaban para dexergar, de perto, os írtidos atavíos; as campás repenicaban por

el e a música tocaba por el, para levalo en procesión.

Moi amodiño, porque a tía Ádegas camiñaba de xionllos, chegaron á eirexa parroquial, onde se celebróu unha misa cantada, e ao rematar a misa pousaron encol do altar de Santa Comba o ataúde, a vela rizada e os atavíos do rapaz. Con esto remataba todo.

Cando a tía e o sobriño saíron ao adro, os rapaces da vila sorriron, malinos e vengatibles, ao ver a Pedriño trocado en ninguén.

Dende aquela os rillotes comezaron a chamarlle «o difunto San Xosé» e Pedriño rillaba en silencio as angurias da súa infelicidade. Chegaron a inventar cantares para apoupalo:

O Pedriño manxador

Chegáu a perder o unto


Levárono a Santa Comba

Cun hábito de difunto.

Cada día as bulras dos rapaces espancíanse máis, e o malpocado pechóuse na casa, a comer e durmir, cobizando a vida dos vermes, dos vermes felices que moran nos xamóns.

15.

**Pedriño
pasóu a
ser un
animal
doméstico
de luxo**



Medrara tan de súpeto Pedriño que perdéu o senso da súa longura e batía cos remos en todo, dándose coteladas aeito e facendo cachizas na louza. Alongaba os brazos e ¡zás! magoábase os dedos i escachifaba algo. A mesma tía, con tanta cegueira como tiña por el, chegóu a pensar que o demo lle fixera niño na ialma.

—Persínate ben, home, para escorrentar os
nemigos.

E cando Pedriño se veu malfadado, enrugóuse de medo, deica privar aos nembros de espacemento, ou bulía con moito tino para non chiscar as cousas de romper. Alongaba os brazos amodo, e as súas mans eran talmente cornos de caracola: sensibles, percavidas e medoñentas. Con este novo medo completóuse a inutilidade do rapaz, que mataba horas enteiras, sentado a chocar os ovos. Tan chouso do entendimento e da vountade que somentes tiña lecer para contar as badaladas do reló parroquial. Daban as doce i el repetía: unha, dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce... e aínda agardaba por algunha badalada máis.

Pedriño esboroábase a tomar a raxeira do sol, vencido pola galbana dos vellos xubilados. E sen decatarse pasaron catro anos, e chegou a mozo sen espranzas nin saudades.

Unha vez a tía Ádegas e o sobriño foron invitados a un casamento aldeán. Xunguíanse

dúas casas labregas de moita riqueza e a lupanda tiña de ser sonada. Endexamáis Pedriño recibeu nova de máis agrado e mellor paladar, porque os pais da noiva consultaron coa tía Ádega o «menú» da comida, e o larpeiro xa era dono dun seguro plan de ataque e retirada.

Chegou o día esperado e o intre de sentarse na mesa a xantar. Pedriño foi enchendo o bandullo con tento, reservando cabida para os mellores manxares, e dispóis de cinco horas de remoer sen acougo, douse por vencido no derradeiro prato... Pero cando Pedriño non podía máis velahí veñen aínda catro fontes acuguladas de papas de arroz, e ollos do comellón lanzaron moxenas de carraxe.

Pedriño doulle un rebelisco á tía, e díxolle fora de sí:

—¿Por qué non me avisou? ¡Co que me gustan a mín as papas de arroz!

Con aquel calote fanóuse a ledicia de Pedriño no xantar ensoñado por el, e quedaba dende entón para sempre, de bulto, a súa malventura.

**16. A
bondade
da tía
Ádega
topa unha
promesa
de
felicidade**



Para cumprir a manda dunha rica señorana houbo unha Santa-Misión na vila. Os frades pregadores apouvigaban os espritos petando en todas as concencias co seu terríbel «Dies irae». No derradeiro sermón homes e mulleres, baixo a pauliña do pregador, impaban de medo a condenarse. Entón o misioneiro, con voz esgalichada, anunciou que ao mediar a noite tocarían a morto as campás da eirexa, chamando ás almas ao arrepentimento. Sería o sinal para que se

restituísen as honras e os proveitos roubados; sería un aviso do Alén para que os poseídos de resentimento soupesen perdoar.

Esta noite —decía o pregador— deixade as portas abertas, e os vossos enemigos entrarán a pedirvos perdón. Abride tamén os brazos para recibilos con ledicia, coma se fosen irmáns que volven de lonxe.

Aquela noite todos os veciños deixaron as portas abertas, de par en par, e agardaron sentados e cheos de aparente caridade cristián; mais no fondo do fondo das concencias fedelláballes o endiañado orgulo de perdoar homillando, ou o desexo malsán de descubrir enemigos encobertos. Abonda decirvos que o mesmo cacique don Andrés mandou á criada que deixase as portas da casa abertas, por si algún veciño arrepentido quixese pedirlle perdón...

E pasou que todos se sentiron magoados de inxusticia, e dispostos a perdoar; pero ninguén sinteu necesidade de valdeirar na casa do próximo a folicia dos pecados. Somentes a tía

Ádega remexeu os limos da conciencia con tal homildade que se sinteu pecadora.

—Anda, Pedriño, imos deseguida a casa de don Andrés.

Cando na estantiga do campanario soaban as badaladas arrepiantes, a vella e o sobriño atravesaron as rúas da vila, senlleiras, mortas de soedade. Chegaron á porta de don Andrés i entraron na casa.

O vello lurco agardaba apoltronado nunha cadeira de coiro.

—Vaites, vaites, Ádega. ¿E tí, muller qué me fixeches?

—¡Eu, Andrés, pequéi de pensamento! Téñoche moita xenreira e pedinlle a Santa Rita que te arruinases, que ardesen os teus papeles e que un día chegases a necesitar do meu sobriño. Veño a pedirche perdón, polo amor de Deus.

—Boeno muller, boeno. ¡Ai, se todos fosen tan anxeliños coma tí! Porque ¿sabes? as xentes

desta vila sonche moi ruíns e ten que vir un castigo do Ceo.

—¡Non hai temor de Deus!

—¿Tí viches pardales este ano?

—Home, non reparéi...

—¿Tí viches anduriñas?

—Non me decato...

—Pois eu dígoche que hai presentimentos de peste. Ten de vir un castigo ¿sabes? porque a xente non ten medo á xusticia divina. Agora nin a mín me respetan. Nin a mín, ¿sabes?, que os podía mandar prender a todos. Somentes tí, boa muller, vesme pedir perdón; porque és do meu tempo, do tempo en que había respeto.

Seguiron falando. Don Andrés enfunchado como un patriarca xusto. A tía Ádega esmirriada, de pé, co mangallón do sobriño á súa veira. A lería do cacique ía coutando, paseniña, as xenreiras da vella, que sentía

ollecer a lembranza do melido amor de outro tempo.

—Pois para que vexas cánto te estimo —dixo don Andrés— vou pedirlle ao ministro da Facenda un destino de seis mil réas para Pedriño. Un destino para toda a vida, ¿sabes? E por seres tí, muller de tanto ben, eu non vou levarche máis de cen pesos.

—Ai, Andrés, se tal fixeras eu morrería marmulando a teu nome.

Cando a tía Ádega e o sobriño chegaron de volta ao fogar, apertáronse co corazón trubado de felicidade. Ela de ver aberto o porvir do sobriño; el de ver o contentamento da vella.

17.

**Pedriño
vaise da
vila e a
tía Ádega
sotérrase
na
soedade**



Compreuse a promesa de don Andrés, e un bó día chegou no correo a «credencial» para Pedriño. Dende tal hora o rapaz da tía Ádegas pasou a ser un don Pedro, empregado na Facenda pública pola cativeza de cen pesos nada máis.

Cando don Andrés puxo nas máns do larchán o nomeamento, deitoulle un consello:

—Si é que chegas a xefe ou podes facer favores, e os paisanos che queren regalar polos e cabirtos, tí non deixes de collelos; pero gárdate de marmuracións. O que debes facer

é alugar piso na casa en que viva calquer maxistrado, e a xente coidará que os regalos son para el.

A tía Ádega gabóu o chocalleiro consello do cacique, con surrisa piedosa.

—¡Non perdes das túas, home!

Para pagarlle a don Andrés vendéu a mellor leira da súa herdade. Dúas costureiras de branco e un xastre de fino encheron a casa, a cortar lenzos e panos. As camisas e cirolas saíron pintiparadas; mais o traxe malfadóuse por unha trascaburrada do mestre, que cortóu as dúas pernas do pantalón dun mesmo lado... A probe vella foi á tenda por máis pano, para remediar o trabucamento do xastre, e Pedriño saíu ganando dous pantalóns.

Antramentras o larpeiro se enfonchaba de ledicia, caían anos a bao nas costas da tía Ádega, i en poucos días troucouse nunha vella vedreira. A door de verse arredada do sobriño, senlleira na soedade, cabe da morte, foi

murchándose a ialma e o corpo. Os ollos enxoiados e devalados de tanto sofrimento.

Chegou o día da marcha.


Nos vidros esbaran cendales de choiva, belidas de bágoas nos ollos da casa, e no pear dunha fiestra estáse a lavar o gato, alleo ás angurias da dona. Pedriño asobía tocatas parvas no seu apousamento, puñeladas no corazón da velliña.

O cocheiro bate na porta. Aparece Pedriño vestido co traxe novo. A tía Ádega abrázase a el i éñchelle de bicos as fazulas.

—¡Adeus, meu meniño querido!

18.

**Pedriño
entra no
servizo
da
Facenda e
chámase
Pedro**



A oficina en que entrou Pedro ten armarios e mesas de feitura variada. As táboas do sobrado están podres e nos currunchos flamean arañeiras.

O xefe séntase no testeiro, detrás dunha escribanía con barómetro. Home de terras enxoiadas e corazón de seixo. Contan que pechou a un gato nunha caixa de madeira e que dispóis aserróuna pola metade, con gato e todo.

Seis compañeiros lle cadraron a Pedro: un poeta de sona local, compoñedor de versos bailables en louvanza das nenas bonitas; un rillote alcuñado «Aspirina» porque se deitou cunha candonga choca, e fíxolle pasar a frebe; un vello lima xorda, que vive en pecado mortal con dúas mulleres; un afouto mintireiro que ten encargo de vender un acorazado ruso... ; un terciario franciscán, que se debulla en comprimentos; un catador de viño tinto, en perdurábel reseco.

Na porta folga o porteiro, presto e sabedor, dino de rexer aquel negociado.

A Pedro déronlle a mesa de un que morréu do fígado. Nas veiras da táboa quedaron as queimaduras de tantos pitos como alí deixara consumir o difunto; pero non quedou a súa sabencia. Nesta mesa arranxouse Pedro, a penar seus males, e no primeiro choio que lle deron xa pandou. Retorcíase o corpo, pingáballe a testa, e non atinaba... O traballo era unha suma, e o larpán comezouna pola esquerda.

Cando os compañeiros se decataron da burrada de Pedro, ceibaron unha risada, e o mesmo terciario franciscán non pudo coutarse.

—Eu sabía sumar, ¿saben?; pero perdín o vezo
—dixo Pedro.

—Non se acore, home, e sume pola dereita
—díxolle o catador de viño tinto.

—Non teña presas —aconsellóulle
«Aspirina»— que non se fai o cabalo no día do viaxe.

Pedro baixou a orella para seguir sumando polos dedos; pero a mañán decorrida non soupo dar conta do recado. E por máis olladas melurosas que lle enderezou ao xefe non pudo librarse dunha pauliña.

—«...la culpa no es de usted sino de quién lo hizo empleado».

O xantar de Pedro naquel día foi ben triste. A pousadeira era das que fechan o caldo, e no remate da comida os dedos do manxador

cacheaban no ermo mantel as frangullíñas de pan. A cea tamén foi cativa; pero cando se deitou doíalle menos a fame que a soedade. O probe galloufeiro tiña mester, para se durmir, das máns da tía Ádega, que o cobexaban e dispóis eran velaíñas, a voar, para santigalo.

Na mañán seguinte, cando Pedro chegou á oficiña, era cedo de máis e topóusemán a mánco porteiro, que estaba lendo a «Gaceta». Axiña trabaron conversa.

—¿E vostede qué ten qué facer? —perguntóu Pedro.

—Ir aos recados e ao correio, abrir portas e dispóis pechalas.

—¿E cánto lle dán?

—Catro mil reás, e sei de contas, e teño mellor crianza que o xefe.

Pedro cavilóu e logo propuxo:

—Pois se vostede quixera trocábamos de destino. ¿Ou é qué non pode ser?

**19. O
manxador
queda
mangado
a unha
nova vida**



Xa pasou máis dun ano e Pedro sigue dando trambulladas no negociado de «Clases pasivas», sometido ás bulras dos compañeiros e ao desprezo do xefe. A tía Ádegá mándalle patacas, fabas e touciño para que a pousadeira lle faga bó caldo, e mándalle libras de chicolate para rillar. Tamén lle manda consellos nas cartas: «abrigate ben, que fai moito frío», «pídelle máis cobertores á patrona, se non téas abrigo dabondo», «que non che metan ningún peso falso, e coidadiño coas compañías», «manda solar o calzado si che colle humidade», «non andes sen botóns na

camisola», «non andes cos pantalóns caídos», «come máis amodo para que che preste a comida», «múdate todos os domingos», «persínate ao saíres da casa», «pide auga morna para lavar os pés», «frega ben o pescozo e non deixes de secarte o xabón detrás das orellas»...

A Pedro non lle aproveitaban as cartas da tía Ádegá, porque os consellos non enchen o papo; pero lémbrese, saudoso, dos agarimos da vella, e sinte por ela o cariño dun verdadeiro fillo. En troques o resto da familia impórtalle menos que un fiaño dos calzóns. Dínlle que o pai ten pulmonía dobre, e quédase coma cando lle dixeron que seu curmán Manoel marchou para Bós-Aires.

A vida de Pedro é tan sosegada que non ten que contar; porque... qué importa que se lle picase un dente, qué lle roubasen o paraugas, qué se lle desfondase a cama, qué cuspise no vidro dunha fiestra ou qué se lle colasen dúas pesetas por una regandixa! Esas son miudezas indinas dun persoaxe de novela; mais é que o

manxador, nos primeiros anos de empregado, anda teimoso a fuxir da xente, remoendo tristuras.

Sai das oficinas para entobarse na pousada. Folga tardes enteiras matando moscas nos vidros, coa polpa dos dedos; ollando, sen ver, cómo pinga o ceo; catándolle pulgas a un gato murriño ou afundindo máis a cova do xergón metálico. Nin os días de festa sente anceios de botarse polas rúas, a locir o traxe novo; nin ten desacougos amorosos, a pesares da súa mocidade: somentes as pernas repoludas da patrona logran darlle un lene arreguizo.

A iñorancia e máis a cobardía téñeno amortecido. Non sabe cantar nin bailar, pero azóugase si lle fala unha muller. Parece insensíbel a todo; pero si a banda de música percorre a cibdade el sente que o són vaise perdendo, coma un crepúsculo, e o espírito tamén se lle vai tinguindo de melanconía.

Vive no mundo e non sabe que o mundo é redondo. Despreza os periódicos e descoñece

o nome dos ministros. Coida que o que pega unha enfermidade queda ceibe dela, e ten entendido que os bacallaos son peixes esparrados coma sollas...

Podería decirse que Pedro é unha masa sen lévado; pero algunhas veces o seu espírito anímase co formento dunha paixón ruín: Os desprezos do xefe éncheno de xenreiras criminales que o levan a desexarlle o inferno.

20.

**Xustificación
da
xenreira
que sinte
Pedro
polo seu
xefe**



O xefe de Pedro é un home ruín que anda falando da ruindade dos demais como o coleccionista que tolea cando dá cun exemplar novo. Tense por amante da lei porque lle gusta ser xuez do veciño. Mide a intelixencia dos empregados polo escalafón. Ponlle chatas a todo. Chámalle asesinos aos médicos, bandidos aos boticarios e ladróns aos comerciantes. Coxigoso e rallante.

Morréulle a nai e cando a levaban mirou o ataúde e somentes dixo:

—«Hay que ver con que paño negro forraron la caja. Estoy seguro que destiñe enseguida».

Vai todas as tardes ao café, e dispóis leva para a casa o zucre que lle sobra. Enriba da mesa do despacho ten un caixón onde deixa, empiadas, as pedras de zucre. O caixón xa está cheo, e o xefe de Pedro révese de contentamento ao ver a obra colmada. Unha obra que durou anos de aforro e previsión, poñendo dúas pedras diarias.

Atendede porque agora ven o conto.

Regaláronlle un cadelíño repoludo e churrusqueiro, que aínda se bambea. O canciño medra sen que o amo se decate, e un día dalle por facer unha trasnada e rube á mesa do despacho. ¡Qué ledicia para o probe animal! Primeiro fártase de zucre, dispóis emborca o tinteiro, e o zucre que non pode comer queda enzoufado de tinta. O cadelíño chouta da mesa e ponse a bailar no sofá de

luxo, e cando repara que se lle secaron os pés volve a enchoupalos na poza de tinta para dar un paseo por enriba das camas.

Chega o xefe de Pedro e quédase frío e varado diante dos estropicios, a meditar un castigo dino da súa xusticia. O xuicio non durou cinco minutos. Baixa deseguida ao xardín, e ponse a cavar unha focha. O cadeliño baixou detrás do amo e relouca de gusto. O xefe de Pedro colle o animal polo pelexo do pescozo e guinda con el na focha; bótalle terra por riba e... nada máis.

A xente conta mil cousas deste home terríbel e percavido, que endexamáis se pon a xeito para levar unha somanta. O xefe do negociado de «Clases pasivas» sabe tragar a pezoña que lle xurde na boca, porque os empregados non se deixan asoballar pola súa maldade, e o mesmo porteiro deprendeu a poñerlle cara de cán. Somentes Pedro é un manteiguiñas, incapaz de defenderse.

A cobardía do xefe cabalga na cobardía de Pedro, para locir as arroutadas que non é quen

de descargar no lombo dos outros. Pedro sofre en silencio; pero cómeno as xenreiras, e non pode ollar a cara daquel home sen desexarlle a morte.

Unha mañán tintinearón os vidros, abanearon os almarios e tremaron as paredes... O xefe caíu de xionllos, i entón Pedro abréu os brazos e miróu para o teito, buscando a Deus.

—¡Mátao agora, tremor divino!

21.

**Raño
las
é un
home
arriscado,
dino de
ter
movimento**

nas pernas



Como non se comen as pedras quedan seguras
as Catedrales, e como as carraxes amáinanse
co medo queda seguro o pelexo; velahí porque

Pedro seguirá sufrindo de fames incurables i estarrexendo diante do xefe, sen facer máis que as parvadas de sempre. E pois compre que fagamos un longo viaxe á procura de Rañolas, deixaremos en paz ao manxador.

Rañolas está trocado nun mozo de ideas avanzadas, mercóu reló de prata con leontina de níquel, moquéase da fe dos pelengríns e non pode aturar o himno.

—¡Cantai, cantai, rallantes —dí— a ver cando vos cansades da mesma tocata!

Rañolas afógase antre aqueles montes que fan erguer os ollos ao ceo para buscar lonxanías, e ten saudades do mar. Moitas veces esquécese das pernas baldadas e deixa que o verme carpinteiro lle rille os miolos. Anceia ver mundos abertos e un bó día márchase de Lourdes.

Os Pirineus xa quedan atrás, con farrapos brancos deloírando na cima, e cando aparecen as terras verdes e dondas que baixan á ribeira, o Rañolas sinte un desexo animal de rinchar...

O mozo ventureiro, con algúns centos de francos apestillados no chaleque, bótase a eito por Baiona adiante, punando por gañar aires de trunfador; pero dúas rapazas catan a súa facha de ananuxo risoño e chímpanlle bulras. Entón Rañolas desanda o camiño para ir en procura dunha pousada nos arredores da estación. Aquela noite quédase sentado no borde do leito, a cismar, e antramentras lle dá corda ao reló decide marcharse a París.

Rañolas monta no espreso e acurrúrchase de par dun crego que vai lendo a «Croix» e frente a unha familia de pais gordos e fillos fracos. A noitada de viaxe pasóuna desperto, a ver cómo durmían os demáis, e cando abriron as luces do día xa están entrando nos arredores de París.

O tren non repara que nas estacións queda moita xente de pe, arrufiándose co bafo griseiro da mañán. As casiñas dun pobo corren xuntas ao redor dun outeiro. Dentro das fábricas hai luces que se chuchan co medo, en espera da morte. As parrumeiras botan o

primeiro fume. Dende a fiestra dun chalet regala sorrisas unha pimpinela. No ceo ensaríllanse cada vez máis os aramios. Xa se ven rúas enfiadas, con casas goldrentas. O tren asubía, rouco, e métese no tobo.

Rañolas sai da estación, a máns ceibes, e atópase cun día gris e babuxento, nunha cibdade triste que ten un río con pescadores de cana. Sigue o peirán de «Voltaire» e olla unha ringleira de regateiros que venden libros vellos. Pasa pola ponte «Neuf» e quédase a mirar a barriga do cabalo de Enrique IV. Dispóis dalle por baixar ao «Vert Galant» e pásmase diante dun pintor que está secando con olladas asesinas a un probe bidueiro. Cando rube á ponte vai após dun señor de chaquet, e Rañolas descóbrelle un remendo na cueira do pantalón. Sigue, dispóis, polo peirán da «Mégisserie», a mirar galiñas engaioladas como paxaros. Rise dunha vella vestida de antroido que garda un kiosque de desafogo... Na praza do «Chatelet» dase conta de que as trullas de Lourdes aínda non escoitaron á

Rañolas é un home arriscado, dino de ter movemento
nas pernas 123

serpente e que as de París xa comeron moitas
mazáns.

**22. Todo
París é de
Rañolas**



Rañolas fai render os cartos para ter tempo de cachear París, apañándose no aire; ao tusmo dunha maneira de vivir sen amo. Si ten moito frío métese no Metro, para quencer; si ten moita fame bótalle cousas ao calleiro, para enganalo; si ten moito sono séntase no currunchos dunha eirexa, para botar unha soneca. Todo París é de Rañolas.

Dende os primeiros días atopou cama de balde no mercado Central. Rañolas anda por alí, a facer a zaina, para colarse por unha rendia, como o piollo na costura. A primeira vez o cheiro das cebolas podres fíxolle dar un

esbirro, i entón buléu á súa veira un sapo asañado, e fungóulle : «¡Tais-toi!».

Alzou a néboa que pingaba no lombo dos grandes pazos —monstros de ferruxe—. Pasaron os días borrallentos, medraron as horas, e os probes que aínda viven morneas ao sol nos peiráns da «Cité». Rañolas ollou agomar os albres no xardín de «NotreDame», saudoso da primaveira dos campos. Divírtese cos pardales, botándolles frangulliñas de pan, á pillota. Recórdase de cando andaba aos niños, e ten unha lembranza para os paxaros bonitos que saben cantar e que prefiren a morte a seren mendicantes de cibdade. Repara na ledicia daqueles cativos paxaros, que xa non saberían vivir en provincias, e xúrdelle nos adentos unha sospeita.

—¡Ai, non; eu non quero ser un pardal de París!

Rañolas estaba enfraquecido de tanto xaxún e xa lle regañaban os cóbados. Compría deixar a vida ventureira, para non afundirse na lama de París; e naquel punto soergueuse do banco,

decidido a poñer mans ao traballo. Vai andando cara a ponte de San Lois, a debullar anceios espranzados, e ao pasar diante do restaurant «L'ami» olla que un probe apaña «colillas» debaixo das mesas, e o ardido Rañolas sinte arreguizos de medo... ¡Non; primeiro ladrón que mendicante de cibdade!

No restaurant hai un letreiro que dí: «Quoique l'on dise, quoique l'on fasse on est mieux ici qu'en face», e Rañolas sinte desexos de comer quente. Mira o reló, apalpa o bulto dos cartos i entra. Séntase no curruncho máis avesío, e dispóis de comer ben quédase a cavilar. Un velliño de guedellas brancas ofércele un ramo de «muguet» e o escrequenado engorda de ilusións...

Rañolas métese, carranchudo, polo «Quartier Latin» e ve pasar un reximento levado por tambores e trompetas, enxurrada e balbordo que se perde axiña, deixando estremecidas as almas enxeles. Rañolas tamén soupo fremer; pero deseguida cavilou que un home avanzado

non é un monifate para marcar o paso, e avergoñóuse da súa emoción.

—Boh; tamén me gustaba o himno de Lourdes e dispóis!... —dixo moi enfonchado.

Pola ponte «Saint Michel» entran os vendedores de periódicos, a correr e berrar. Rañolas lémbrese do seu oficio, e seguro do porvir merca unha chaqueta nova e busca pousada.

23.

**Rañolas
lémbrese
de que
ten unha
patria**



O ceo de París pingóu moita auga para que Rañolas acougase; pero agora ten un posto de periódicos nas reixas do Museo Cluny e ninguén lle tuse. Vive nun apartamento con balcón; no papel das paredes hai máis de catro mil homes iguais tocando a bandurria; o linóleo do piso foi campo de frores brancas que aínda se conserva louzano debaixo da cama; a cama ten amortigadores de vidro como os pianos; hai un cheirume a cola de carpinteiro. E de porparte recibe visitas amorosas dunha veciña parafuseira que anda co corazón espiñado por el e que lle chama

«Mon joujou». Rañolas sería feliz se fose como os demais.

Unha vez paróuse diante do seu posto un home de «gabardina»; miróuno ben e preguntóulle:

—¿E tí serás Rañolas?

—Son. E tí... ¿serás o afiador ourensán?

—O mesmo.

Os dous amigos danse as mans e ceiban risadas, trocan preguntas e respostas á retesía, e por eles que ardese París naquel intre.

—Eu «amúsome» moito eiquí; pero acórdome de alá —dí o afiador, chapurrando francés e galego— e como xa sei ben o «métier» de electricista podo gañar vida en Ourense.

—¿E non sintes deixar París?

—Home... si che hei decir verdade ando enamorado dunha rapariga; pero... «j'm'en fous! Et, tu sais...» alá tamén hai mulleres.

Cando Rañolas ve marchar ao afiador quédase caviloso e tristeiro, magoado pola morriña, ou cecáis acompañado por unha ilusión nova. Rañolas sempre andivo na brétema, mais agora vé a luz lonxana dunha espranza: Voltar á terra como o afiador ourensán, para gozar da vida paseniñamente.

Aquela noite chega Rañolas ao seu apartamento e alcende o quinqué de gas; pero non pode ler os periódicos como adoitaba facer sempre, porque agora ten un formigueiro na alma. Dalle corda ao reló e repara que o ten parado...

Para Rañolas o reló comezou sendo unha alfaia que valía tantos francos; pero agora é unha prenda inestimábel, un ser vivente a latexar na quentura do peto, un irmanciño de prata, un corazón máis que leva por fora. Nos primeiros tempos contentábase con acariñarlle os lombos; dispóis abríalle o peito para ver cómo bulían as entranas; de remate esgarabellou coa punta da navalla, e pouco a pouco foi descubrindo o segredo da máquina.

Rañolas coñece o seu reló e sabe ben ónde lle doi cando está doente; porque os relós teñen enfermédas que descoñecen os reloxeiros, teñen alma, temperamento e desarranxos que somentes o amor pode curar. Rañolas sabe que ao reló non lle senta a friaxe do mármore pola noite nin a corda pola mañán; sábeo porque sí, porque ten man para coidalo, como hai homes que teñen man para criar paxaros.

Coa morte do reló Rañolas esquece as súas mágoas e ponse a darlle vida. Xa durme París e Rañolas aínda furga no aparello para buscar o mal. Desmóntalle as pezas amodiño, vólvellas a poñer, e dispóis de moitos coidados o reló revive. Entón Rañolas alenta con ledicia e quédase senlleiro a mirar a súa obra.

—¡Quén me dera ser reloxeiro!

24.

**Raíolas
prepara-se
para ser
feliz na
sua terra**



Rañolas dou na teima de compoñer relós. Na portería tiñan ún de péndulo, imposíbel de arranxo, e Rañolas deixouuno novo. Por todos os pisos da casa correu a sona de Rañolas, e os veciños acudiron ao seu apartamento, en romería, para poñer nas máns miragreiras do mañoso as cachafullas que refugaron os reloxeiros. E os mortos saen andando.

Certo é que Rañolas xa sabe moito de relojería porque siguióu un curso no «Conservatoire des

Arts et Métiers» e na Sala dos reloxes antigos amolecéu os ollos de tanto esculcar. Os reloxes antigos teñen máis engado que os homes, Rañolas atópase máis ledto na súa compañía. Relós con tocatas de flauta, orgo e campás; relós de paxaros que axexan as horas para cantar; relós con persoaxes —cicáis reises e príncipes— que bailan ao són dunha musiquiña misteírosa. Rañolas ama os reloxes e soña con ser dono dunha relojería, alá lonxe, na terra que o botóu ao mundo. E dagora envante non precisa máis que diñeiro... No «Boulevard Saint Michel» morréu o dono dun kiosque de periódicos, e a viuda púxose ao fronte do choio. Muller mondongueira que nin para pecar de pensamento serve, e de tan pouca vontade que cando se rí vánelle as augas... Rañolas faille visitas e vaina rulando para que lle ceda o negocio en arrendo. A viuda gusta de afogar penas, e Rañolas, aleivoso, agarda que se abufine ben para botarlle a cambadela. Un día o absento non soupo o que fixo e dende entón o moinante está sentado no kiosque, a gañar diñeiro.

O afiador ourensán foise despedir de Rañolas.

—Boeno, «mon vieux»; mañán «quito» París.

—¿Xa levarás bós cartiños para runflar alá.

—Nin cadela, home; pero levo as máns i est
«porte-bonheur».

E o afiador saca do peto un cacho de pedra.

—Estabamos «là-haut», no frontón da
«Madelaine», instalando o alumbrado, i
escorregóuseme un pé... Ah, «mon Dieu».
Agarréime a un santo daqueles e quedoume
nas máns este dedo. «Et voilà».

—Pois cando teñas fame comes esa pedra.

—«Pas de blagues»; pero eu sei que me dará
«bonheur» na nosa terra.

Rañolas, desta vez, tivo mágoa do afiador,
porque el levará cartos e non unha figa... O
seu maxín —argadelo de soños— dalle canto
quer: diñeiro para a relojería e remedio para a
eiva das pernas.

Deixémolo a soñar.

**25. Adeus
á vila de
Pedriño e
Rañolas**



Cando volvemos á vila natal dos dous de sempre, atopamos mudanzas que entristecen os nosos recordos.

A liñamenta da vila está fanada porque xa se foi o erguido eucalito da reitoral, fidalgo compañeiro do campanario da eirexa.

Os aramios da luz eléctrica entraron a torto pola vila adiante, e o progreso convirtéu en esteo aquel belido cruceiro da praza.

As nenas fixéronse mulleres, e as mozas vellas e destragadas de tanto parir.

A lembranza saudosa das cousas, enfeitizada de amor, morréu de desilusión. Chegamos de percorrer mundo, de vivir en París, e os nosos ollos atopan todo mirrado.

A casa da tía Ádegas perdéu a nidia brancura de outro tempo. No seu tellado medran herbas e couselos; as xanelas pensas amostan os vidros rompidos; na balconeta colgan pañales a secar, e na porta bota fume un carabineiro calquera.

Hai unha botica nova servida por un licenciado malfeito, unha sucursal de Banco e máis un Cine. A vila ganou novo ser; pero xa non ten engado para nós.

Todos os vellos amigos están debaixo dos terróns.

A tía Ádegas morréu. Desde ficou soia, os ollos da súa face chuchada semellaban fontes miragreiras, a deitar sempre polo sobriño.

Endelí a probe vella púxose a morrer, preparando a ialma para a folganza perdurábel. Alcendéu lampariñas e candeas aos santos familiares, en espera do seu pasamento. Deixóu que as arañas tecesen en paz e que a carcoma rillase o silencio. E comprida da gracia de Deus entregóu a ialma aos anxeliños no devalo da lúa de xaneiro. E contan as xentes que dispóis de morta inda se lle enchían de bágoas as cuncas dos ollos.

Tamén don Andrés está comendo terra no camposagro; pero defendéu o pelexo canto pudo. Nos postrimeiros tempos enbrullóuse en cobertores, temeroso do aire, e facíase rapar polo barbeiro coa gorra posta... Como era tan aforrón e tan cutrento, as xentes botaron a rolos unha aloia: «Don Andrés morréu esbrillado por non mercar un bragueiro». E poida que fose certo, pois eu lémbrome que cando emprendía un viaxe deixaba o reló na casa, gardado en naftalina. Pero don Andrés, que tan a decotío birtóu as leises dos homes, non foi quén de darlle calote á morte, e tivo que entregar o folgo derradeiro nun día de

festa, cando estouraban os foguetes e a xente
reloucaba na praza.

¡Adeus para sempre, viliña mariñeira, onde
foron nados os dous persoaxes do noso conto!

26. **A**
sogra que
lle cadróu
en sorte a
Pedro



Pedro foi atrapado e casóuse. A muller era laidiña, pero traballadora e cobizosa. Chamábase Filomena, como súa nai. Tiña un taller de costura e padecía do estómago.

A casa cheiraba a mexo de gato.

O casamento foi amañado pola sogra: unha viuda peituda que sempre falaba do seu home pousando a man dereita no molete esquerdo, a dúas coartas do corazón.

—¡Eiquí o levo sempre. Eiquí!

E mesmamente parecía que naquel embrullo portaba ao difunto.

Empeñábase en rir coa boca pechada, de puro remilgo, i eran tan reparona en cousas de moral allea que chegou a ferir de palabra a unha veciña, por andar amostrando unha radiografía.

—Esa é unha escandalosa. Nin ten reparo en amostar un retrato que lle fixo o médico, onde se lle marca todo, todo. Con decir que se lle ven os osos!...

Ende mal a siña Filomena tiña hestoria e a filla seique non era de matrimonio. Amiga de amparar amores alleos foino sempre, dende rapaza; i eu sei que a súa primeira obra realizóuna nun galiñeiro. Velahí cómo sucedeu.

Non contaría máis de doce anos e xa se decatara de que o galo era o sultán e que todas as galiñas eran súas concubinas. No galiñeiro medrara un polo que quería galear, pero nin as galiñas lle daban tino nin o galo sería quen

de consentilo. O polo tiña medo, mais ás veces esquecíase do galo e daba unha reviravolta namoradeira arrentes dunha galiña. A galiña corría en dereitura do señor, e velahí aparecía o sultán polainudo, a pedirlle contas ao polo. O galo viña tripando a terra con aire belicoso e o malpocado polo fuxía que voaba...

Agás de tanta honradez unha das galiñas era coqueta, pois deixábase facer a rosca polo galán novo; gustáballe que se esperguizase ao seu redor e poñíase escarolada cos agarimos; pero a churra coqueta e o galán tremían de medo.

A rapaza adicóuse a protexer aqueles amores, e unha vez tapounos tan ben do galo que se cometéu, ás agachadiñas, un tremendo adulterio no galiñeiro.

O máis pior é que cando a rapaza chegou a muller siguéu amparando amores alleos, coidando que o mundo era un gran galiñeiro. E aínda aseguran que chegou a vivir deso...

O que xa non son faladurías é que vivéu amachembrada cun vello empregado da Facenda pública e que se casou por miragre. Enfermara ela de tal maneira que todos pensaban que tiña os alentos contados, e para entrar no Ceo compría que se casase. O cura da parroquia petou na concendia do empregado e fíxose o casamento «in artículo mortis»; mais o conto foi que a siña Filomena revivéu. Por certo que o home dispóis decía:

—A miña muller é dura como un croio. Unha vez estaba tan a pique de se morrer que lle puxeron catro sacramentos xuntos: o da confesión, o da comunión, o da estremaución e o do matrimonio... ¡E nin por esas!

¡Boa sorte lle agardaba a Pedro con semellante sogra!

**27. A vida
de Pedro
é un
inferno
frío**



A muller de Pedro esmaiábase de fasquías e deixábase cair esmorecida nos brazos da súa nai para gomitar... No peito da siña Filomena ecoaban as queixumes da filla iñocente... A nai ridiculosa e a filla mixiriqueira.

Pedro andaba fuxido de medo, porque a sogra comíalle os ollos, chea de xenreiras, e parecía decirlle:

—¡Pola túa culpa, lobo carniceiro!

E o probe xenro, cos ollos achuídos, parecía disculparse:

—¡Foi sen querer, señora!

E por riba inda viñan as mangoleteiras do taller, con andrómenas e requilorios, cando a mestra gomitaba.

—¡Ai, miña probe, cantas está pasando!

As costureiras cataban a Pedro e acusábano con ollos asañados:

—¡Habías de empreñar tí, larchán!...

E Pedro, apouvigado, respondía para os seus adentros:

—¡Eu qué sei! Esas sonvos cousas de Deus!

Velahí como o coitado manxador trocóuse nunha besta brava, nun cocho adoecido, nun alacrán pezoñento...

A carraxe da siña Filomena tremelucía diante de Pedro, e a teima duróulle nove meses arreo;

pero cando a vella tivo no colo un meniño de manteiga e veu á súa filla ditosa e feliz, entón o xenro non foi ninguén; coma se non tivese parte naquela obra.

As costureiras louvaban a fermosura do neno.

—¡Ai, qué bonito é! ¡Ai, canto se parece a seu pai!

E a siña Filomena non gustaba deses alaudos.

—¡Quén lle dera ao meu xenro!

A siña Filomena fíxose dona da criatura e nin a mesma nai podía gozar dela; pero a Pedro nin tan siquera lle consentía mirala. Axiña que o probe home intentaba debrozarse no berce, surdía a voz da vella:

—Hisca, hisca de ahí, que vas despertar o meniño.

Pedro rematou por non sentirse pai, e adicóuse á boa vida; pero a sogra guindáballe axes a eito cando o vía sentado.

—Calquera día en Alemaña inventan monifates máis intelixentes que ti. ¡Ameneia ese corpo, babión, que che vai dar a cambra!

E Pedro, farto dos aldraxes da sogra, prefiréu aboiar polas rúas a servir de arrangallo na casa. Emparellóu cun compañeiro de oficiña —o catador de viño tinto— e os dous mataron a tarde na taberna, a comer e beber. Esta foi a primeira caída. Dispóis viñeron outras, deica verse na obriga de entregar nas poutas do taberneiro a paga enteira dun mes.

Compre decirvos que Pedro non foi vencido pola bebida senón polos chourizos, os callos e as caldeiradas de bacallao, e co gozo de comer esquecéuse do disgusto de pagar; pero cando apareceu na casa coas mans valdeiras e a siña Filomena lle ceibóu enriba da cresta un repertorio escolmado de denostos, entón arrepiñíuse do feito.

Pasaron meses e meses; pero endelí a siña Filomena non paraba de roñar.

—¡Lacazán! ¡Panarra! ¡Cangrena!

E Pedro algunha vez revirábase:

—Boeno... ¿Xa empezamos con indireitas?

**28. Pedro
sinte un
pulo
pecadento
e nin
tansiquera
ten alma
de
pecador**



O demo tentou a Pedro na primaveira, e unha oficiala de Filomena mostraba tales engados que decidéu cometer unha infidelidade. A costureira vivía nas aforas e compría darlle unha cotada no camiño, saíndolle ao encontro.

Pedro botóuse estrada adiante, co plan ben meditado. O corazón contáballe os segundos, os minutos, as horas... Ai, esta única aventura de Pedro val a pena de ser contada en forma poética.

Na lonxanía
batido polo sol
derradeiro
escentilan os
vidros dunha
fiestra. Voan os
corvos na
fragosa
bouza de
eucalitos,
berrando coma
demos
pechados
nunha catedral.
Os sinos das
feligresías
tanxen
mainamente a
todos os ventos.

Pedro agarda en axexo da costureira, co medo
dun principiante en amores.

A paisaxe
tórnase azul, un

azul que vai
esvaéndose nas
tebras da noite.
Calaron os
corvos, e na
negrume
alcéndese unha
fiestra en coor
de laranxa.

Pedro espreita no camiño a volta da costureira
xeitosa. Ten medo, como o ladrón que vai
roubar con zapatos de rinchido.

A paisaxe
botóuse a
dormir, e no
silenzo
xurdiron os
murmurios da
iauga. Un mozo
e máis unha
moza palican ao
pé da fonte. Na
fonte foi

enchéndose a
caldeira da
moza, e xa fai
moito tempo
que a iauga
reverte.

Pedro síntese máis perto do pecado, e a ledicia,
mesturada de medo, percórrelle o lombo. A
costureira xa non pode tardar.

No bandullo
mouro da noite
oíse unha
buguina de
automóvil e a
estrada échese
de luz. Pasa
fuxindo o auto
e ao pasar
chiscóu, de
malicia, un ollo.

Por fin velahí ven a costureira, e Pedro, co
corazón na boca, falóulle:

—¿E logo, rapaza?

—Boas noites, don Pedro. E vostede ¿qué fai pola aldea?

—Vin dando unha volta e colleume a noite.

Nesto pasou
outro
automóvil e ao
pasar asomouse
un home
descoñecido, e
berróulle con
voz de sorna :
—¡Xa llo
contaréi á túa
sogra!

O probe home ficou cortado, e despedíuse ás carreiras da costureira.

Ben certo é que o demo non aconsella de modo. Pedro considerábase descuberto e deshonorado. Sentía xa todas as bulras dos

compañeiros de oficiña e os aldraxes
emponzoñados da súa sogra.

Pedro sinteu noxo de sí mesmo, e ao chegar
ás primeiras luces da cibdade parecíalle que
camiñaba encoiro, amostrando as vergonzas.
Corría cara o seu fogar, fuxindo das xentes,
aproveitando as rúas avesías e desertas,
tapándose das olladas, arrimándose ás
paredes... ¡Adúltero!

Endexamáis soupo quen era o dono do seu
segredo vergoñento, e a sogra iñorou aquel
pecado; pero ¡qué días pasou! Nin a comida lle
entraba.

29.

**Dispóis
de moito
tempo
xúntanse
os dous
de
sempre**



A siña Filomena foi abóa dúas veces, e da
segunda redobrou a xenreira contra Pedro;

pero xa estaba el domesticado e disposto a durmir debaixo da cama.

Pedro chegou a non ser home, e os roños da sogra caíanlle como pingas na súa ialma de borralla. Tocaban un pasodoble i el marcaba o paso sen querer, rendido ás vountades alleas.

Unha vez, ao saír da oficiña, o catador de viño tinto convidóuno a merendar.

—Anímate, home; mira que hai empanada de raxo.

E Pedro, coa boca chea de auga, refugóu o convite, tristemente:

—Non vou ¿sabes?, non vou, porque... total para un día!

Era que o probe manxador tiña medo de voltar ao vezo e de que dispóis deitasen lóstregos e tronos enriba do seu lombo.

Cando levaba no peto a paga do mes, a voz de Pedro era máis rouca, e no camiño caíanlle os ollos diante dos escaparates. Eiquí unha

langosta godalleira facéndolle cóchegas a un polo encoira, e tres centolas vermellas de vergonza. Alí a cacheira dun porco mártir, escarnecido con fabas brancas nos ollos e leituga na boca; pero grorificado por chourizos, perniles e lacóns. Acolá tartas, roscas, bolos e tutos con materia... E Pedro, dispóis dunha lupanda imaxinaria contentábase con sisar un realiño para castañas asadas.

A honradez de Pedro pagábanlla co caldo e coas patacas de sempre, amarguexadas pola carantoña nifrosa da sogra e as mixiricadas da muller. E de postre a siña Filomena facía un pouco de música para el:

—A ver cando che suben o soldo, larpán; porque nin para o teu bandullo gañas, e xa tés fillos.

A siña Filomena era ruín; pero compría moita pacencia para aturar a calma foupeira do xenro. Pedro non era ruín; pero tiña o espírito de amado, incapaz de ningún sacrificio. Ai, se a sogra soupese todo! Unha noite estaba a

muller dándolle de mamar á meniña, e naquel intre despertou o neno, que durmía no berce.

—¡Mamá: quero pís!

A nai chamou por Pedro:

—Ai, Pedro: érguete, home, que quer facer pís o meniño.

Pedro despertou e púxose a meditar deica deixarse vencer pola perguiza.

—¿E logo non podes erguerse ti?

—Non podo, home, porque ¿non vés que lle estou dando o peito á meniña?

Entón Pedro quixo choutar da cama, pero a nugalla nono deixóu.

—Mira, Monchiño, corazón: vaite por ti, ¿sí?, que mamá non pode erguerse.

O manxador era deste xeito.

Decorreron tres anos e o fogar de Pedro, cun neno e unha nena máis bonitos que ouros,

seguía sendo o inferno frío. A sogra e o xenro levábanse como o coitelo e o cabirto sen posíbel concerto; mais veleiquí por onde a múrria de Pedro tivo acougo fora da casa.

Unha mañán entra nas oficiñas da Facenda un home ben vestido, pero tan cacharulo i escrequenado que fixo rir ao porteiro. Traía unha «bimba» e andaba aos cachoupiños.

—¿Está don Pedro López?

A Pedro dalle unha corazoada:

—¡¡Rañolas!!

30.

**Rañolas
é un
xigante
para o
manxador
abraiado**



Pedro e Rañolas falan no curruncho dunha baiuca, dispóis de comer ben.

—Eu paseinas gordas por eses mundos; pero agora vou ser un home dereito coma ti, porque trouxen cartos, e co diñeiro remédiase todo.

—¿E qué vas facer, meu santo?

—Primeiramente buscar a un ciruxano que me corte as pernas.

—Pero..., ¿ti toleas ou qué?

—¡Que vou tolear! Xa verás ti dispóis quen son eu!

—E logo, qué matinas?

—Pois en canto me corten estes membros poño outros de resorte. Por certo que xa os trouxen de París.

E Rañolas conta unha hestoria: Alá en París había un capitán que perdera as pernas na guerra i entón o Goberno regalóulle outras tan axeitadas que o mutilado camiñaba con elas como se fosen as súas mesmamente. Ese capitán morréu e vaise Rañolas i engaiola á viuda, e mércalle por catro cadelas os enxeñosos membros do difunto.

—¿Entendes agora? Eu quero andar de pé, como os demais homes, porque son tan home coma calquera. Ti xa vés o que me está pasando: se viñese mal traxeado tomaríanme por mendicante, pero como veño ben vestido fago rir á xente. ¡Canallas!

—E a tí qué máis che dá? En tendo cartos moquéaste do mundo.

—Mira para min: aínda estou torrado pola raxeira e atanido polas xiadas, de andar a pedir. Non; mendicante, non, ¿sabes? Primeiro morto que parecer mendicante; pero un home escrequenado non é home.

—Pero en canto che poñan esas pernas...

—Ouh, entón abro unha relojería e a vivir traballando. Porque eu deprendín o oficio de reloxeiro.

Cando Rañoias esgotou todas as ilusións, púxose a despertar recordos, i endelí os dous de sempre anovan a vida de rapaces e caen embercellados na señardá.

—Imos merendar agora. ¿Qué che parece, Pedro?

—Home, por min...

E antramentras preparan na cociña unha caldeirada, Pedro resíntese das súas mágoas,

e con voz melurosa cóntalle a Rañolas cantas está pasando baixo o poder da sogra.

—Vaites, vaites, Pedro. E ti por qué nona escagallas dun couce? Ti, que con ese corpo podías ser o galo do mundo.

No remate da merenda Pedro está como un odre, achuído de contentamento. Rañolas reve ledicia.

—Agora ti non digas a ninguén o que fun eu, nin á túa muller. Entendiches? Eu son un reloxeiro que chega da Franza, e nada máis.


Dispóis matinaron qué ciruxano podería cortarlle as pernas a Rañolas. Alí había ún algo tolo, pero moi sabido, de quen se contaban miragres e trascaburradas. Uns decían que lle lavou os pulmóns a un tísico e que llos deixou novos do trínque; outros contan que compuxo unha perna rompida, e que ao sacarlle a bisma apareceu o pé revirado co carcañal para diante.

—Ese médico ten moita sona; pero a miña sogra dí que é un escomungado, que ten tratos co demo.

—Entón non falemos máis. Ese vai ser o meu ciruxano.

31.

**Rañolas
desfaise
das
pernas
para
conquerir
aparencias
de home**



Rañolas foi á cama de operacións coma quen vai cobrar unha millonada ao Banco. El entregóuse nas máns do sonado ciruxano don Lourenzo, após de doarlle a súa hestoria e os seus anceios.

Agora está no leito, ceibe dos nembros entanguñados, a roer doores con cara de risa. Don Lourenzo faille visitas, que non son de médico senón de amigo gasalleiro. Unha vez o ciruxano descubrélle que non hai Deus e Rañolas díxolle que xa o sabía. Outra vez confesóulle que para cortar dúas pernas compre menos sabencia que para facer

unha mesa de noite, e Rañolas admirou a sinxeleza do sabio ciruxano...

De par de Rañolas sofre un compañeiro que tamén recibe visitas garimosas de don Lourenzo, e polas trazas son vellos amigos. A vida do coitado váiselle arrofiando nas covas dos ollos, e un día o ciruxano torcéu o bico... Aquela mesma noite o veciño de Rañolas pide socorro i entón aparece un crego para preparalo a ben morrer; mais o moribundo non quer confesión, e por moito que o crego se derrete para convencelo el sigue refugando os acorros da caridade divina. E o espírito do doente aproveita os derradeiros folgos para decir con voz velaíña:

—Non se enfade, señor; pero eu dinlle palabra a don Lourenzo e non lle podo faltar.

Rañolas veu morrer ao compañeiro e sen darse conta rezóulle pola ialma; pero axiña dixo para sí, arrepentido da súa tenrura:

—Esas son andrómenas.

E logo quedóuse a dormir.

No hospital o tempo decorre para Rañolas antre doores e ilusións. O escrequenado xa se vé na relojería , dándolle corda aos relós de parede, e poñéndoos todos para que dean a hora ao mesmo tempo. ¡Boa familia para un home que se atopa soio no mundo! Rañolas óllase erguido nas pernas do baril militar de París, e un arrupío de felicidade percórrelle o corpo.

Na tarde do domingo velahí ven Pedro cun paquetiño debaixo do brazo, que pousa enriba do leito de Rañolas. Dispóis séntase e fala:

—Estóuche sen durmir e sen comer. ¡Qué rebumbio na casa! Saberías que por pouco a miña muller váiseme. Ela estaba de catro meses e a nai nono sabía, porque como ten un xenio tan endiañado! Onte estábamos a cear e de arrebatado a miña muller rompe a carpir: «¡Ai, que morro! ¡Ai, que morro!». E morríase escoada se non chega o médico a tempo, porque foi peor que un parto, ¿sabes? Si, home,

si; mesmo serraba o corazón de ouvila carpir, e total érase un meniño pequerrichíño.

—Eso non é nada.

—Tí moito falas, pero hai que ver como está a miña sogra!

Rañolas abesulla o conteneute agoniado de Pedro e non pode tronzar unha gargallada.

De alí en vante a conversa faise leda, e ao rematar a visita, cando Pedro vai polo meio da sala, chama Rañolas por el.

—¡Ei, Pedro!

—¿Qué?

—Que deixas eiquí este paquete.

—Ai, si, home. Xa me esquecía. ¡Ai, qué cabeza teño!, porque é o meniño, ¿sabes?, que quedéi de levarllo ao enterrador.

32. **O**
desasisado
comellón
cai na
rateira



Rañolas saíu do hospital sostido aínda con muletas, pero enriba das pernas de resorte. Ninguén que o vise recoñecería ao cacharulo de denantes. O cariz mácio e arrufado dáballa aires de fidalguía. O mesmo Rañolas sintéuse capitán, coma se lle rubise aos miolos a ialma guerreante do difunto dono das pernas. Para

ser home comprido faltáballe guindar coas muletas.

Cabo de Rañolas vai o pataqueiro de Pedro cos andares esgallados e coa cara de lambe-foles, cavilando no xantar que agardaba por eles.

Era vrán e o alboroque celebróuse no enxido da taberna, debaixo dunha parra cangadiña de ácios maduros. A comida foi de atafego; mais o viño que botaron pola ialma abaixo dáballes azos a Pedro e fumes a Rañolas.

—Con estas pernas de artimaña e os meus cartos císome na xente. Agora pódolle cuspir nun ollo a calquera, porque son tan home como o que máis.

—Pois eu voulle decir á miña sogra que a súa filla é a miña muller e que mando nela.

Os dous amigos estaban moi ledos, e dispóis de comer foron ao Café e fumaron puro con «anilla», eles que non sabían fumar; cando se despediron aquela noite, Pedro non rexía co bandullo.

—Deica outra, eh?

—Deica outra, non —dixo Rañolas— porque con esta ben che abonda.

O día seguinte amañecéu para Pedro co aballoamento de sempre: queixumes da muller, entirquiñencias dos fillos e roños da sogra. Un almorzo de papas de millo e velo ahí vai o manxador camiño da oficiña, co recordo da derradeira lupanda rillándolle o siso.

Entrou no negociado de «Clases pasivas» e sentóuse. Encol da mesa de traballo durmían moitos documentos. Pedro colléu o tídoo dun xubilado, e cando ía matarlle a póliza reparou que valía dez pesos, e non tivo corazón para cometer semellante crime. ¡Estaba noviña! Quedouse mirándoa, garimoso; doulle lástima, e para salvala dunha morte segura despegouna, gardouna e dispóis foina vender...

A póliza non morréu baixo o cuño egoísta da Facenda pública; pero morréu feita fricoladas e peperetes na andorga de Pedro. Aquel aito

xeneroso sirvéulle somentes para seis merendas no enxido da taberna; pero na oficiña quedaban máis pólizas e Pedro repitéu o choio.

¡Nunca tal fixera! Descobréuse o feito e todos coidaron que o malpocado manxador era unlla larga. ¡Qué inxusticia! O degoiro de comida embazáralle o entendimento; pero Pedro non era un ladrón, inda que o condenasen as aparencias. ¿Ladrón o sobriño da tía Ádegá! Pedro non merescía o castigo que lle deron, porque tendes de saber que o xefe —alma de secano— dou parte del ao Ministro e deixárono cesante.

**33. Siguen
as
desventuras
de Pedro**



Pedro levaba dous días de cesante, a fuxir de sí mesmo. Era unha esponxa embebida de melanconía. Quixera marcharse polo mundo e turraba por el o conchego do fogar. Facía calor e tiña frío. A ialma pedíalle conforto e ventáballe mágoas a oito.

En troques Rañolas era feliz. Tiña un local alugado e agardaba unha partida de relós e ferramentas para abrir a relojería. Andaba xa

de bastón e medraban mundos para os seus anceios de felicidade.

Pedro foi contarlle a Rañolas a súa desgracia.

—E o pior vai ser cando se entere a miña sogra!

Rañolas non soupo consolalo.

—De verdade que merecías unha tunda, por parvo.

E sucedeu o que Pedro temía. Enteróuse a siña Filomena... ¡A siña Filomena enteróuse! No intre houbo as do demo a parir. A vella estroupeleaba no sobrado, dándolle gusto ás mil gorxas da carraxe, e as rapazas da costura facían rolda para calmar as angurias da mestra. O lance primeiro durou toda a mañán; mais o drama debía seguir aínda, porque faltaba o mellor persoaxe...

A muller de Pedro está impando, debruzada na mesa. Os rapaces, cansos de chorar, ollan aflitos o lume morto da lareira. A siña

Filomena sentóuse ao axexo da porta; parece que vai cantar e trémelle a perna dereita.

Soan as dúas da tarde. Pedro abre a porta e de súpeto comeza o segundo lance.

A siña Filomena bótase con dentes e poutas contra o xenro, i el ponlle o lombo.

—Sanguexuga! ¡Sarna! ¿Pensabas que non hai máis que facer fillos ou qué? ¡Alarbio! ¡Lurco!

Pedro engruñóuse, como unha araña ferida, e a sogra, cos untos na boca, xa non ten forzas para darlle máis. Dispóis encárase coa filla.

—¿E agora qué vai ser dos teus rapaciños? E aínda decías que era bó. ¡E tínhamos un ladrón na casa! Si che parece podes deitarte outra volta con ese visgo! ¡Babiona! ¡Toupeira!

Rematou coa filla e diríxese aos netos.

—¡Qué bós enxemplos recibides! ¡Qué pai vos cadróu, meus soles! Ai, si non vos salva o sangue da vosa nai estades perdidiños! ¡Coitados! ¡Iñocentes!

Lémbrese do xefe da oficina e mándalle un recado polo aire.

—E tí, cara de verdugo chino, tés de pagalas no inferno! Xa non serías home para denunciar ao meu difunto!... ¡Cobarde! ¡Porco! Así che saquen os ollos cun compás!

Vólvese de novo a Pedro.

—¡Panarra! ¡Plepa! ¿Coidas que vas vivir á conta da miña filla? Ai, eso si que non! Xa te podes ir preparando para colleres un barco en Vigo; xa lle podes escribir a ese curmán que tés alá, porque...

Nesto a siña Filomena reparou que Pedro miraba para ela e... ¡pum!... escolfóulle na cara un fregaduxo mollado.

**34. Pedro
toma
pasaxe
para
América
nun
paquete
alemán**



O desventurado Pedro foi embarcar a Vigo, cunha mala de cartón por única compañeira. Nin a sogra nin a muller nin os fillos deitaron unha verba de agarimo na despedida.

Chegou á pousada na hora de cear i encamiñouse ao cativo comedor, onde un home e unha muller regalábanse con carne asada.

O pousadeiro sirvéulle o caldo e sióulle na orella esta novidade:

—Casáronse hoxe e veñen fuxindo da cencerrada, porque ela é unha vella.

Pedro non dou mérito á confianza, pois tiña moito que comer e moito en qué pensar. O pousadeiro sirvéulle a caldeirada e díxolle polo baixo:

—Denantes de casarse xa se entendían...

Pedro siguéu comendo sen arredar os ollos do prato, e o pousadeiro cando lle trouxo a carne asada, avisóuno quedamente con verbas de malicia:

—Moito se vai rir esta noite, porque durmen á veira de vostede e o tabique deixa pasar todo.

Pedro non estaba para lérias e ao rematar a cea foi a deitarse. Apagóu a lus e debrozado no leito rompéu a chorar, como un meniño desamparado. Debullábase en bágoas, e tan ausente estaba de alí que non reparóu cando se deitaron os casados, nin que dispóis houbo un anaco de silencio, nin que o tabique deixou

pasar un suspiro amoroso e a voz esmorecida da muller:

—Ai, por eso qué gusto dá facer todo en gracia de Deus!

Pedro non pegóu ollo, e canso de bulir nas sabáns erguéuse do leito e botóuse polas rúas adiante. Sen procuralo chegou ao Berbés no intre en que o día loita coa noite.

Os faroles municipaes, choscos de sono, alumean aínda. Nas motoras atracadas brilan os Peixes de prata. As mulleres, arrefeigadas, van e veñen patuxando cos pés descalzos na lama gris e marulleira. Na Lonxa hai un bruído abrouxador; chíos de mulleres e orneos de homes; as voces dos vendedores parece que contan o tempo ao rivés: ¡doce!, ¡once!, ¡dez!, ¡nove!, ¡oito!... Pasan en caixóns os peixes, a centos, a milleiros, a millóns. Siguen atracando novas motoras, acuguladas de peixes grandes como arroaces. Algúns peixes traen ollos redondos e brillantes coma lúas cheas. Os mariñeiros veñen con barbas de quince días, cos ollos adoecidos de sono,

semellantes a náufragos. Os faroliños dos barcos bambéanse á randeeira. E no borde do peirán hai unha rapaciña chuchada pola fame, cunha caldereta nas mans, pregando sen acougo:

—Mariñeiros de bó corazón: ¡Botádeme un peixe!

Nas grandes casas de acolá enriba durmen, enxoitas, as xentes de terra.

Aquel anticipo da realidade americán foi unha pedrada na concencia do malpocado emigrante, que se liscou do Berbés para enzoufarse nas regalías do almorzo.

Cando daban as once da mañán o trasatlántico recibía no bandullo a Pedro talmente como unha balea pode engulir un xurelo.

**35. Dende
a ría de
Vigo ás
Pampas
arxentinas**



O viaxe de Pedro pouco ten que contar. Embarcouse parvo de medo, cun esvaído sentimento de morriña que nin tansiquera desentoñou do fondo da súa carne a natural tristura das despedidas. O barco desviábase da terra e Pedro seguía co corazón no peito, inconsciente, a mirar as gaivotas; dispóis enfiou os ollos no ronsel que quedaba no mar, e adormentouse debrozado na baranda de popa.

Para el a travesía non pudo ser mellor. Husmaba na porta da cociña o intre feliz da galloufa, e ao saír os caldeiros seguía detrás deles para tomar a dianteira. Na riola dos

emigrantes sempre foi o prato de Pedro o que recibeu as primeiras culleradas, as máis graxentas.

Dispóis, armado de caldereta, inda se colaba na ringleira dos polacos, a recoller a estrana pistraca que lle daban.

O mar en calma, el a comer e durmir. ¿Qué máis se podía desexar? Pero na hora do desembarco despertou á realidade, i entón sí que a tristura das despedidas esguizoulle as entranas, porque neste punto secábase o teto e asomaban as orellas do lobo. Dende o barco escudrumou a barafunda de xente que bulía no peirán en espera dos emigrantes, e o medo de non atopar a Manoel deixouuno escoado, sen forzas para baixar.

Nesto sinteu que o chamaban, i emborcoúselle o corazón na boca.

¡Pedro López! ¡Pedro López! ¡Pedro López!

¡Alá vou! ¡Son eu! ¡Alá vou!

Era un amigo de Manoel que recibira encargo de recollelo e de metelo no tren ao seguinte día.

O tren engulíu planuras e máis planuras para chegar ao seu destino, e Pedro deixábase levar como un embrollo faiturado. Dispóis aínda tivo que coller outro tren que fuxía polos campos, escorrentando ovellas. E cando caíu nos brazos de Manoel estaba máis morto que vivo; pero faltaban moitas horas de coche.


Cearon, durmiron, e no abrente do día saen arreando polos camiños pampeiros.

A paisaxe non ten o ledor das terras chás e abertas que Pedro alvistou dende o tren. O coche vai rolando, a tombos, por gándaras ermas e lombos areosos; baixa polas abas dun monte cuberto con herbas do demo, para caer en tremedales de xuncos; gabea por outeiros con alfarrobeiras e corre por chairas tiñosas. Xa decorreran moitas horas de andadura, a rolar por soedades, e no devalo do día, aparece un casal, alá no fondo, á veira

dunha lagoa, espello morto de augas salitrosas.

—Aquela é a miña «pulpería» —dí Manoel—. Eiquí non hai pan fresco, nin auga doce, nin sacramentos para a ialma; pero gáñase diñeiro.

**36. Pedro
tampouco
sirve para
comerciante**



Pedro entrou a traballar no comercio de Manoel, un comercio que fornecía todas as «estancias» en vinte légoas á redonda. Alí os coitelos aguzados fendían nubes, e para rexer semellante negocio compría conquistar sona de valente; era mester encararse moitas veces coa morte, e poñerlle cara de risa.

¿Maxinades a Pedro detrás dun mostrador protexido con reixas de ferro e co revólver no peto? Non; el sería quén de comer un carneiro diario, de rillar galletas a oito, de chucharlle a cana dos osos a Manoel; pero non era home para aqueles trafegos. Levaba moitos meses a

despachar e aínda non atinaba coas cousas nin sabía o custo delas.

—«¡Pucha que es lerdo el gringo!» —decían os siereiros.

—¡Calamidá! —berráballe Manoel.

E Pedro azougábase máis.

Unha mañán entra no comercio un «gaucho» chatún, e dispóis de engulir dous vasos de xinebra pide a guitarra e ponse a destecer «estilos», como si quixese anainar uns amores contristados. Entra dispóis outro «gaucho» arrastrando as esporas e chinclando adovíos de prata; pide xinebra e con aire túzaro lánzalle pullas ao guitarrista. O guitarrista contesta con «milongas» improvisadas. Os «gauchos» foron acedándose coa retesía, e decamiño surdiron aldraxes a bao. E cando ían botar man dos coitelos choutou a voz rexa de Manoel:

—«Vayansé peliar ajuera, sinó los cago a balazos! Aurita nomás!».

Pedro sente arrupíos no lombo.

Os «gauchos» obedeceron, e após dunha loita dina de ser cantada, entra o guitarrista no comercio, limpando o coitelo nas botas, antramentras que o outro fuxe no seu cabalo, cos aires apagados e coa face cuberta de sangue.

O vencedor pide máis xinebra e ponse a debullar «malambos» na guitarra. Nesto entra un estranxeiro de pinta sospeitosa: máns duras, peito rexo, nariz bermello, orellas con frieiras chagadas, revólver no cinto de coiro.

Decorreron as horas. O «gaucho» e o estranxeiro están bébedos e traban amizade; pero ambos a dous acaríñanse demáis...

—«¡Hermano!» —dille o «gaucho», esfregándolle teimoso as orellas, que xa pingan.

—«¡Compadrito!» —dille o estranxeiro, zorregándolle lombeiradas resoantes.

E dunha noutra fóronse quentando, para rematar de mala maneira. O estranxeiro, coa pacencia moída, guinda co «gaucho» no chán e saca o revólver. O «gaucho» desenvaiña o coitelo e quer erguerse; pero soan dous tiros e cai desgonzado.

Manoel xa está fora do mostrador e ten ao criminal de borcos, debaixo dos xionllos, loitando con el para apiolarlle as máns. Os orneos do estranxeiro lañan a terra e os xuramentos de Manoel derruban o ceo. Pedro agachárase detrás dun fol de zucre, a rezar pola ialma, e cando axexa o que está pasando olla que o seu curmán amarra, nun feixe macabro, ao criminal contra a vítima.

As verbas son vento para contarvos as angurias e os arrepíos que pasou naquela noite o probe manxador; porque Manoel tivo que sair dacabalo, en procura da xusticia, i el ficou na compañía dun rapaz, a vixiar o feixe medoñento. A luz da candea e os currunchos escuros, a rosna carraxuda do criminal e a poza de sangue, o escintileo do seu revólver,


o silencio de fora... Pedro tremía de medo, a pique de tolear.

Manoel chegou a sol quente, co xuez e os «milicos». Soterraron o morto nunha lomba, onde xa estaban soterrados outros tres. Levaron ao estranxeiro e os dous curmáns miráronse fite a fite.

—¡Eu non sirvo, Manoeliño! —dixo Pedro.

E rompéu a chorar.

**37. Pedro
faise
pegoreiro
e ten
menos
chencia
que o seu
cabalo**



Manoel era tan bó que teimaba facer do curmán un home de proveito; pero cando veu que Pedro non tiña caletre para o comercio nin lombo para o traballo, mandóuno a unha «estancia», pensando que o folgado mester de coidar ovellas sería ocupación pintiparada para el. Na Pampa, si o vento sopra de popa, pódese chegar de pegoreiro a dono de moitas légoas de terra, de moitos rebaños e armentías, como chegaron outros larcháns.

Pedro saíu do comercio de Manoel en compañía dun domador de poltros. Marchóuse vestido de «gaucho», ás acarranchapernas

dun «mancarrón» aparellado con gornimentos do trinque.

Aquela noite dependeu a facer a cama co «recado» do cabalo e a dormir arrentes do chán, nun alboio sen portas, esvarándolle pola face o noitébrego alento dos campos. E no almorzo do seguinte día xa dou mostras da súa desaxeitada cobiza. Sentóuse ao pé do «churrasco», en rolda de «gauchos» que apuñaban coitelos, e a primeira tallada que apañou foi tan desconforme que todos sorriron; pero cando quixo comer ao xeito dos compañeiros cortouse a punta do nariz, i entón houbo risas longas.

O «estanciero», ao rematar o almorzo, dispuxo a tarefa de cada ún:

—«Ché, Juan: Vós que sós baqueano, lleváte a este gringo y enséñalo».

I endelí Pedro trocouse en axudante de Juan, a cabalgar polos campos, en procura do gando; e decorridos moitos días de aprendizaje, esfolou as cachas, deitou bagullas de door e

ficóu tan panarra coma sempre. El deixábase levar a cegas polo cabalo, co sentido posto nas asentadeiras. E no intre de se deitaren inda ía Juan e curáballes as nádegas con sal e vinagre, para criar callo...

Cando xuzgaron que Pedro podía andar soio, mandárono á procura dun rebaño, e velahí vai o probe manxador montado no seu barrufeiro. Atravesa camposas con esqueletes de bestas; rube lombas senlleiras i esculca, a rezar o responso de San Antonio; pero as ovellas non aparecen. O cabalo afociña nunha tobeira de «bizcachas» e Pedro esnáfrase contra o chán. Voa de súpeto unha rolada de perdices e o corazón bátelle nos dentes. As nádegas dóenlle máis que nunca de tanto andar de cacho para cribo.

No devalo do sol avista un «rancho» i encamiñase cara el, porque alí pode haber xente que o guíe; e ao chegar atópase cunha fermosa «chinita» vestida de rosa, capaz de facerlle recachar o rabo ao mesmo can de San Roque.

—«Buena mujer: ¿Puede decirme dónde encontraré las ovejas de don Honorio Inchauspi?».

—«¿Y qué marca tienen?» —preguntó a muller, con cara de bulra.

—«Punta lanza en la derecha y muesca en la izquierda».

—«¡Ah! Entonses... ¿vé usted aquel médano? Pues dele nomás derechito hasta encontrar la majada».

Si Pedro non fose parvo escoitaria unha voz carraxuda dentro do «rancho» e reconecería o cabalo de don Honorio, locindo estribos e pasadores de prata.

O manxador atopa o rebaño, pero non sabe onde cai a «estancia». Entón fíase do cabalo, sóltalle as rendas e déixase ir. Nesto aparece o «estanciero» e dille con cara de poucos amigos:

—«Mañana nomás volvés a la pulpería de Manuel, porque... el que nase barrigón es al ñudo que lo sinchen».

38.

**Fracasa
o
emigrante
Pedro
López**



Pedro chegou á «pulpería» de Manoel portando nos ollos a melura mendicante dos vencidos.

—¿Qué che pasa, home, que ves tan tristeiro?

—Botóume don Honorio. Botóume porque non podo andar dacabalo, e ao sair da «estancia» inda tivo o callo de apurrarme os cans!

—¿E logo?

—Mira, Manoel, mira...

E Pedro baixou os calzóns e foi despegando, amodiño, as cirolas que tiña pegadas co brume; dispóis acrequenóuse, e puxo ao aire a carnaza das cachas. Pedro quedábase eisí, amostrando á compaixón de Manoel aquel mundo en carne viva...

—¡Abonda, home, abonda!

—¡Xa ves, Manoel, como me atopo de lazarado!

Pedro ergue os calzóns, a doerse ende moito, e Manoel ficou cavilando nas mágoas do seu curmán.

—¿Para qué viñeches eiquí, calamidá?

—¡Eu non quería; pero empeñóuse miña sogra!

—Boeno; pois agora págoche o viaxe de volta e que cangue contigo esa lúrpia.

Pedro quedouse de pé, cos ollos murchos, como faroliños de cemiterio. Manoel botóulle as mans e abalóuno.

—¿Sabes o qué che digo? A tía Ádega castróute cos agarimos, e xa non hai remedio para tí.

Pasaron semáns, e cando Pedro tivo curadas as cachas colléu camiño e foise da esteva pampeira. En chegando a Bós-Aires mercóu o «boleto», e con trinta pesos que lle quedaban mercóu tamén un fonógrafo de lance, para presentarse dinamente diante da siña Filomena. Daquela os «americanos» xa non traían un loro; traían un fonógrafo, que ven sendo a mesma cousa...

O probe fracasado rubéu as escadas do paquete, antre a caterva dos emigrantes que tornaban á Terra.

Eiquí podería eu trubar o voso corazón contándovos cómo morreron algúns tísicos no viaxe, e cicáis poidese facervos rir coas andrómenas de moitos fachendosos; pero a min intrésame Pedro, e Pedro viaxóu pasmado e comprido da súa mesma infelicidade.

**39. Pedro
volve das
Américas
como un
fol
desinflado**



Un de tantos paquetes que navegan polo lombo do Atlántico entra bruando nas augas de Vigo, doído de fasquía, para safarse da grea de vencidos e doentes que porta no bandullo. Antre o refugallo que se acugula no peirán, aparece a doída figura de Pedro, tan demudado que ninguén o recoñecería. Trai a mesma mala que levóu, amarrada con cordas, semellante á cabeza dun crocodilo morto. Ven pelexudo e corcovado; sobrándolle traxe; fedendo á miseria. Dende a face desolada os ollos fitan medos terribles, porque sabe ben a que lle

espera na casa, inda que para engaiolar á sogra mercase un fonógrafo.

Entra Pedro na alfándega, e ao saír ten un aire desvairado e tétrico, de vítima propiciatoria. Alá dentro quedóulle o fonógrafo, porque non tivo diñeiro dabondo para pagar os dereitos; e a mala de cartón, agora valdeira, péndelle da man como proba vergoñenta do seu fracaso. Pedro camiña devagariño pola veira do peirán, i en lugar axeitado despréndese da mala. Entón chora e afógase na cobardía, en vez de afogarse no mar.

Dispóis vaga polas rúas, deixándose ir aboiado, coas máns mergulladas no pantalón. Fáltalle pulo para coller camiño e presentarse diante da siña Filomena. Sen decatarse vai dar co seu corpo na estación, a pique de saír o tren, e de súpeto saca do peto unha man de cobres valorentos, que cheiran ao marullo, e póusaos no pear da ventaíña.

—Déame un billete a onde cheguen eses cartos.

Pedro métese no tren. O tren métese na noite, e cando Pedro chega ao seu destino aínda debe percorrer a pé cinco légoas compridas.

Anda, anda, e no remate dunha noite de andadura entra pola porta da cibdade na hora das leiteiras.

Xa está diante da casa, sen forzas no corpo, sen fiuza no espírito. Métese de esguello dentro e topa coa siña Filomena.

—¡Ai, San Cibrán abenzado! ¡Ai, quen entrou pola porta! ¡Ai, que chegou o noso capitán!

Pedro enfia os ollos no bico dos pés, demandando mercé. A fame ármalle treboadas no ventre. Non tarda en presentarse a muller, que fica varada e compasiva.

—¡Entra, home entra!

—¡Pase, pase, señor «americano»! —dixo a siña Filomena.

A figura esgalichada de Pedro cólase na cociña, i endelí a sogra fíreo con alaudos bulrescos.

—¡Ai, qué bó mozo estás! ¡Ai, qué ben vestido ves! ¡Ai, qué baúles trouxeches! ¡Ai, qué rico debes vir!

A muller, en troques, chora comprida de misericordia. E dispóis dun cativo almorzo, empezoñado polo solimán que deitan as verbas da siña Filomena, Pedro rube á galeiría i alí repousa.


Decorren horas longas e mortales. Pedro sinte pasos e ponse a facer que durme, coa boca aberta, soprando a todo soprar. Na galeiría plántase a muller, escorada polos dous fillos, que se quedan axexando cos ollos arregalados.

Neste intre voan arrecendos de empanada, e dos beizos abertos de Pedro cai un fío de cuspe.

A filla, lizgaira e bonita, sentencia polo baixo:

—¡Está idiota!

**40. Pedro
non atopa
folganza
para os
seus
anceios
de folgar**



Algunhas noites a cea de Pedro é tan cativa que o xaxún escorréntalle o sono, deica o canto dos galos que anuncian o día. Entón Pedro repite para sí un dito de Rañolas: «Cada galo que canta nos faiados denuncia unha falcatruada, porque os labregos non regalan galos de balde». Dispóis lembra o seu paso polas oficiñas da Facenda e cavila, envexoso: «A min deixáronme cesante, e a eses que reciben galos nonos botan!».

Pedro non merece dos seus nin os «bós días». A sogra rósnalle aldraxes cando pasa cabo del, e o fillo, desprezativo, tómalle medidas a ollo.

Somentes a muller e a filla mostran no silencio das olladas un agarimo coutado.

A siña Filomena, percavida na súa ruindade do natural perigo de xuntanzas nocturnas, durme coa filla para que Pedro bufe só, a rillar anceios no máis arredado apousento da casa. ¡Probe home! De certo que non merecía semellante desprezo.

O que máis magoaba o seu corazón eran os fumes do rapaz, e unha vez colléuno polos hombreiros e díxolle:

—Cando se entra nun lugar onde hai xente é de boa crianza decir «bós días», si é de día, ou «bóas noites», si é de noite. E máis estando eu; porque son teu pai, ¿entendiches?, e se coidas que minto podes preguntarllo á túa nai.

O fillo surríu con cara de escachanoces, reviróu as costas e foise.

Pedro somentes atopaba espuncimento no taller de Rañolas. O seu amigo gañara creto de reloxeiro e vivía ben; pero fuxíralle da face

o ledο engado dos moinantes. Agora era un honrado artesán, tomaba café, cantaba nun orfeón e tiña voto.

Os dous amigos gardábanse lei e mataban xuntos as tardes murriñosas de froallo, a revivir cousas pasadas.

—Alá en París...

—A miña tía Ádega...

Unha vez entróu a filla de Pedro para falar co pai. A linda cara da rapaza revía tenrura, e nos ollos de Pedro formáronse belidas de auga.

—Tráíolle dúas pesetas dos meus aforros, porque dixo mamai Filomena que non lle dá de comer se non busca traballo.

O pai non sabía falar e a filla engadéu:

—¿Por qué non traballa, e todos lle habíamos de querer? ¡Traballe, papasiño!

Pedro ficóu calado, a tremer de medo e felicidade. A verba «papasiño» valía por cent xantares.

41.

**Raíolas
aínda
vale máis
como
"profundador"
que como
reloxeiro**



Rañolas era un home tan grande que con dous libros que metéu na cachola tivo dabondo para latricar de todo, e Pedro quedábase pasmado diante da súa sabencia. Os problemas máis ensarillados non tiñan segredo para el con tal de que lle desen tempo para profundar. A cada intre surdía lle nos miolos un pensamento profundo.

Tamén enchía libretas, e velahí unha mostra do seu enxeño de escritor:

«Nin Rei nin Presidente. Eu coido que o símbolo máis auto dun Estado democrático debe ser un cuño de ouro, adoviado con pedrerías de moito valimento. Esta alfaia gardaríase pechada nunha causela de prata, a imitanza das custodias de catedral que sacan en procesión os coengos. A causela abríriase con tantas chaves como ministros tivese o Goberno, e cada chave sería unha insinia ministerial, de modo que xa non se falase de carteiras senón de chaves: A chave da Facenda, a chave da Xusticia... ¿Qué un decreto necesita o avalo superior? Pois xúntase o Consello de ministros, mete cada un deles a súa chave na causela e sácase o cuño para sellar o documento. Supoñamos unha apertura de Cortes: Sacarían a causela de prata, levada en ándias polos maxistrados do Tribunal Supremo e custodiada por gardas dacabalo; as tropas presentaríanlle armas; as bandas de reximento tocarían o himno. I en chegando ao Congreso póusase no sobrado presidencial, ruben os ministros para meter as chaves, séllase a aita de constitución do Palramento e xa está».

Nas lerias de Rañolas con Pedro xurdían ditos coma éstos:

—Non se sabe o que é a eletricidade e andan xogando con ela. Calquera día fan explotar o mundo...

—O sistema de poñerlle a cada país un coor diferente no mapa é unha invención dos patrioteiros, para engaiolar aos rapaces...

—Os que defenden a castidade para que o amor eisista, tamén podían defender a fame para que o comer sexa unha ledicia...

Rañolas deixábase levar pola fogaxe das verbas e decote saíase fora do rego; pero algunha vez atinaba.

—Mellor que ser o primeiro rico nunha terra de probes é ser o único probe nunha terra de ricos. Prestaríanche un auto coa sinxeleza con que os fumadores dan lume para alcender un pito. Tí non tes reló, pero podes preguntar a hora en que vives a ún que o teña, e hai que ver o gustiño que lle dás aos que levan reló de

ouro, porque lles prestas ocasión de locir unha alfaia que levan no peto.

O maxín de Rañolas endexamáis delampaba e Pedro sabía calar; pero unha vez púxolle reparos. Foi que Rañolas quixo desenrolar unha teoría e comezou decindo:

—¡Quén me dera ter vinte mil millóns de pesos!

E Pedro atallóuno:

—¿En qué os podías gastar, home? Porque aínda que comeras o que comeras...

42.

**Rañolas
endoudece
na calma
chicha da
reloxería**



Rañolas, a cismar sempre, foi fabricando a súa propia desventunra. O sosego percurado pesáballe xa na ialma deica renegar da vida, como un eucalito nado antre os railles do tren ou a mosca que nasce no inverno. Agás Pedro, non contaba con máis compañeiros que un canciño e aqueles dous libros que para el non tiñan remate: «A conquista do pan», de Kropotkin, e «As ruinas de Palmira», de Volney. E coas ideas que zugaba nos libros e as que lle criaba o maxín, o ledó mendicante trocouse de arrebató nun anarquista.

As horas esbaraban na relojería, e Rañolas, acedado como un abruño verde, mergullábase na lectura, para desembrullar pensamentos grandes e arriscados. I estando ensimismado en Kropotkin, o canciño iñocente —animal que reloucaba por enredar— apañou nos dentes o libro de Volney e fíxoo cachizas. Cando Rañolas ollou semellante destrago tivo que reprimir un pulo vengatible, e somentes dixo:

—¡Non sabes o que fixeches, animal! ¡Romper ese libro! ¡Matábate, condenado! Matábate se non fose porque xa o sei de memoria.

A perda do Volney ensuméu a Rañolas en Kropotkin e dende aquela embrullóuse nun fanatismo desesperado. Endebén as visitas cotiáns de Pedro eran o contrapeso dos seus desvaríos. O probe manxador portaba cada día unha coita nova.

—Onte non me deron de cear e a miña sogra chamóume mastodonte. Por certo... ¿tí sabes qué quer decir mastodonte?

—Home, non.

Nesto entra na relojería unha criada.

—Rapaza: ¿tí sabes qué quer decir mastodonte? —preguntóu Pedro.

—¿Eu qué sei!... —respondéu a criada.

Dispóis entra un señor de gafas, e Pedro volve a inquirir.

—¿Vostede poderá decirme qué quer decir mastodonte?

—¿Mastodonte dixo? Pois... é un animal.

Pedro non queda satisfeito e diríxese ao comerciante de enfrente.

—Mire, don Ramón: ¿Vostede sabe qué quer decir mastodonte?

—Non; pero ímolo ver no diccionario.

I entón o comerciante cachea na M e comeza a ler: «Mastodonte: mamífero paquidermo fósil, semellante ao elefante, pero meirande...».

Pedro volve á relojería para matar a tarde ollando cómo traballa Rañolas, e de cando en cando marmura:

—¡Mastodonte, eu! ¡Eu, mastodonte!


Rañolas, no remate da tarefa, dalle un consolo garimoso e pecha o taller para entregarse novamente ás profundacións.

Dende a porta olla os andares pousados do amigo, e profunda con verbas escaroladas:

—A min paréceme que Pedro vai perdendo as facultades... unhas facultades... esas facultades que agora non sei cómo lle chaman os médicos.

Dispóis péchase no apousento, esquecido do seu deber de orfeonista, que tantas ledicias lle proporcionaba cando era feliz.

**43. Doado
remate de
Pedro
López, o
manxador**



Pedro inventa doenzas para quedarse acochado no leito, libre dos aldraxes cotiáns da sogra, apodrecendo no seu mesmo sudre.

Nun soño recibe a visita do demo. Preséntaselle recachado no pear da fiestra, botando bafo polos ollos e lume pola boca.

—¡Ah, cobarde! ¿Por qué non lle dás morte á bochuda da túa sogra?

Entón Pedro abre os ollos e bate con eles na noite; mais o consello criminal alcende a fogueira das súas carraxes vencidas. A onda roxa esbóufalle no peito e xa non pode cerrar ollo.

Cando se fai o día Pedro é un home decidido a ser home. Érguese do leito i entra na cociña, onde a siña Filomena está soplando na lareira.

—Déame deseguida o almorzo.

A siña Filomena, acesa de soplar, revírase con cara de sorna morna.

—Vaites, vaites. E logo, ¿qué lle peta hoxe ao señorito? ¿Quer café ou chicolate?

—O que quero eu é decirlle que nesta casa non hai máis calzóns que os meus.

A siña Filomena pón as mans no bandullo i escachífase de risa; pero Pedro, fora de sí, apreixa un coitelo e sen máis zorrégalle tres puñeladas no molete dereito. Entón a sogra espance os brazos e berra esbaforida:

—¡Ai, que me matan! ¡Ai, que me matan!

Pedro coida que as feridas non son mortales e buscándolle o corazón zorrégalle tres novas puñaladas no molete esquerdo. A siña Filomena non pode rexeir máis e cai esmorecida, redonda, con esta acusación nos beizos :

—¡Asesino!

Cando Pedro dá remate vil á siña Filomena parece un carnicero: o pelo revoltado i o peito aberto, os calzóns caídos, o coitelo apuñado... E con semellante facha vai polo seu pe á Comisaría. Alí declara mostrando as mans asesinas:

—Acabo de matar á miña sogra. Eu son un criminal.

Os policía, afeitados ao trato con xente ruín, non se asombran dabondo; pero redixen unha terríbel acta, meten a Pedro na prevención e levan o parte ao Xuzgado.

Non tardan en comparecer no lugar da traxedia o xuez, o aituário, o forense e o alguacil; mais en vez de toparen un crime atópanse cun rechouchío de risas. A siña Filomena, tan fanchoeira, coma sempre, mostra un coitelo de postre aos veciños en rolda.

—¡Meu probe! Veleiquí co que quixo matarme!...

De todas maneiras Pedro sigue na prevención todo o día; pero na bocanoite a mesma sogra vaino sacar do encerro. Rin os policía, rin as xentes que o ven saír, e a risa corre pola cibdade, como un andacio.

De alí endeante Pedro xa non é para a siña Filomena o pandote dos seus denostos, pois con aquel rauto masculino cobra categoría no esprito candongueiro da vella. Endelí Pedro fáise merescente de todos os cumprimentos: recibe os «bós días», come do que hai, durme coa muller...

A siña Filomena trócase en nai amorosa, fártase de chorar diante do alcalde, pón os seus empeños en xogo, e conquiere para o xenro un destiniño descansado.

Agora Pedro está ganando catro pesetas de xornal nunha caseta de consumos, na porta da cibdade, tendo conta de que non colen xamóns de matute. Pasa vida folgada e feliz, porque xa vai sendo vello e o ventre pídelles menos comida.

44.

**Raño
las
fai voar o
mundo en
frangullas**



Ben está ter segura a mantenza do corpo, encher o bandullo de compango diario; pero ademáis compre ter segura a libre respiración do espírito, encher a cabeza de soños ledos. O benestar non se conquiere traballando; lógrase mellor na folganza. Por eso Rañolas era feliz cos seus anceios, cando andaba ás baroutas polo mundo adiante; pero a ventura malvóuselle de saudades ao toparse ceibe da miseria i escravo do traballo.

De pouco lle podían valer as aparencias de home libre, cando de certo vivía en cadeas,

a traballar engoumado. Desexos lle daban de saír outra volta dacabalo dun burro, a torrarse de sol polos camiños. Rañolas non quería ser un difunto co corazón andando, un reló máis da relojería, unha máquina de corda para contar o tempo que pasa. Os relós serían felices; pero el era un home devecido de liberdade.

Os tortos consellos da miseria fóranos empurrando cara a escravitude. ¡Mália o día que conquiréu o «dereito ao traballo» para trocarse de home ceibe en escravo do fisco i en azacán dos «burgueses» que lle levaban relós de ouro para compoñer!

Cando Rañolas se veu esplotado como un boi, os noxos da vida doéronlle máis que nunca. Decatouse do erro cometido e a desventura foino pechando dentro de sí mesmo, onde vivían trabadas as íntimas inquiredanzas. Adoecéu de carraxes e dende entón a súa cabeza foi o centro do mundo.

Ideas lle daban de atuar a boca con dinamita, de alcender a mecha i esbarrufar de miolos

a vouta do ceo. E unha vez foi vencido pola onda.

O feito acaeceu no anoitecer deburado dun día de vrán. O estrondo chamou polos veciños, que se detiveron encorados de anguria. A parede fendida, a xanela pendurada dun gonzo, as tellas rompidas... A traxedia ventábase dentro da casa.

Un garda municipal sacou forzas de medo e arriscouse a rubir os banzos da escada, i en chegando ao apartamento quedouse arrepiado.

Os boqueiróns do teito amostraban anacos de ceo estrelecido. Na fiestra locía os seus albos cornos a lúa nova. Unha bocha de luz eléctrica mantíñase acesa de miragre i alumeaba a escea.

Da morea de entullos surdía o corpo de Rañolas, encoiriño de todo, sentado nunha cadeira derreada. O tronco sen cabeza, desfeito en carniza; os longos brazos pendurados; as pernas tocas.

Na parede branca, salferida de miolos
sanguíñentos, deixa Rañolas a súa despedida.
Era unha soia verba, escrita con letras grandes
e mouras:

☒PROTESTO!

REMATE

O anarquista fixo cachizas o mundo e secomasí tornóu a saír o sol ao seguinte día, para que eu poidese escribir esta novela e para que tí poideses léla.

Que ben che preste, amigo, e deica outra.

